

GARCÍA FERREIRO

VOLVORETAS

Librería 16
Estante 6
Número 87

OURENSE
TIPOGRAFÍA DE ANTONIO OTERO

Calle de San Miguel, n.º 13

1887

EMIA

NA

57

ESTA

REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA

22057

Biblioteca

el mi distinguida amiga, la
ilustre autora de "La Ribuna" y "Los
Párrafos de un poeta".

El autor

VOLVORETAS

Oviedo Septiembre 17- 1889.

CATHERINE

GARCÍA FERREIRO

VOLVORETAS


OURENSE
TIPOGRAFÍA DE ANTONIO OTERO
Calle de San Miguel, núm. 13
—
1887

P.46927

Es propiedad del autor.

Apóstol teu, ánqu' o más ruin de todos,
pr' onde quér levarci teu Evanxelio,
o fatelo vistindo d' inumínia
que pra mofa n-as costas te puxeron.

CURROS.





DUAS PALABRAS

SIRVAN estes renglós, non pra levar nin-
gunha boa nova ó mundo literareo, sinón,
somentes, pr' anonciar ós meus amigos,
com' os antigos acerfiutores romanos, a visita
por eles deseada.

Andaban os méus versos esparexidos por eses
moulos adiante, e déronme antoxos d' axuntalos
n-un libro, cicáis por la misma razón qu' o pai
de numerosos fillos, ciscados pol-a terra, cobiza
velos a todos, n-o día d' o seu santo, ó redor d' a
sua mesa.

Compríame un nome con que bautizalos, y-a
volta de móitas cavilaciós pra dar c' un que non
fose nin campanudo nin estrano, púxenlle *Vol-*

voretas, como poidera poñerlle *Furmigas*, póis non s' e m' aculta qu' as resoancias fónecas d' o título non salvan, a xéito de pabelón que cobre a mercancía, as cativeces d' a obra, e que báixo un *pnada!*, posto en miúsculas, y-entr' adimirantes, acúltase, ás veces, tod' un sol de Xulio, brillante y-esprendoso, como socede n-o libro d' o insine Bartrina.

Com' ás volvoretas, ós méus versos abóndalles pouco espazo, e, com' elas, tamén, pousanxe eidíxí y-alí, ond' atopan froles que lles ofrezan chéiros. Esa é a somellanza qu' hay entr' us e outras. ¡Ogallá igualasen d' o mesmo modo, versos é volvoretas, n-a luz qu' esas froles d' os aires levan disolta n-as aás!

Aforréime o traballo de lle pedir a un literato de mor cuantía un xuicio crítico pra espetálo eidíxí a maneira de certeficaceón de méretos e serviceos, considerando que non había brilar d' imparcealidá posto n-o meu mismo libro, que ningúén que de cortés se gabe, anque teña toda a destempranza d' algús *trompeiros* periodísticos, estrévese n-a casa alléa a decirlle ó dono, crúas y-en cóiros vivos, as verdades d' o barqueiro. Y-este libro e algo asina com' o meu própeo lar, y-o que me fixese a mercede de prolongalo, quen queira que fose, non deixaría de sere n-él huéspede que viviría báixo o meu téito, e, como tal, gardador de toda crás d' almidoadas atiquetas. Comprimentos vidos pol-a vreda d' a curtesanía fólgan n-estas primeiras follas

d' os libros, destinados a augantar todal-as burrasca; e todol-os ventos; a dal-a volta ó munlo, si a sorte lles é propicea, a tambor batente, com' os antigos lexionareos, ou a andar ós tumbos, séndolles contrarea, pol-a sombriza corredoira d' a indiferencia.

Agarimarse a unha firma respetabre pra es-correntar a féra d' a críteca, parésceme feito tan fazañoso com' os d' os valentes que buscan xayás que lles garden a rés, méntras eles, rubidos ó puleiro, danse aires de Cis e atúfanse com' o galos ingreses; e tan ridícolo, a maóres, com' o pregón que fái d' os séus específicos, n-o medeo d' a praza púbrica, entre toque e toque de cra-trin, un d' eses disloucados Musiures, de fraque e gorro turco, postos sobr' as puntas d' os pés enriba d' un caixón ou n-o pescante d' un carre-coche, berrando a todo pulmón os milagres terapéuticos d' as suas meiciñas.

En boa hora se vendan, a forza de recramos, grasas e mexunxes pr' as móas ou pr' a sarna, pero non aldraxemos o noso oficeo confondín-donos poetas e buhoneiros n-unha crás, nin lle fagamol-a cumpetencea o Doutor Garrido. Deixemos en pé a fronteira d' os grémeos, e perda a comenencia o que gane o pudor.

Non rubiréi pol-os peldanos d' esa escala de mau, com' as d' os faroleiros, brillante a forza de sobaduras, hastr' a cima d' a coluna de virutas d' a falsa celebridá, que solen, n-os prólogos, arrimar os amigos d' o autor pra que ruban por

ela os seus afillados, en primeiro lugar, pra non cair ô cháu a nada qu' abanease, y-en segundo, pra non ir dar den'l o curuto d' os peñamentos sobrimes e d' as imaxes nunca vistas, ô basureiro onde se botan vidros escachados, trapos vellos e cascas d' hovos.

'O qu' ahí lereles non é o fruto ben percurado d' as prolíficas vixilias e d' a traballada labor d' as meditaciós; son d' esas cousas feitas ô miuto, com' as tarxetas d' imprensa, más que pra lle dar solta ô hipógrefo imaxinativo y-abrir sendeiros pr' os sentimentos, pra matar óceos e divertir morriñas; *bibelots* poélicos, si s' e me premitte a comparanza: algo de bonitira, d' impresión, de boa vista, e un pouco amasijo de *biscuit* por drénto. Algunhas saíron fíitas é de reitas dinantes de s' esmorecer a cinsa d' o cigarro alcendido ô empezelas. E cóste que non alego estas cativeces xenésecas d' os meus versos pra que ninguén s' alimire d' o meu rempetenismo, nin pra conquerir sona de vate eléutreco, sinón pra salvar, Dempóis de reconcelos, todolos erros e total-as incorreuiós padecidos e non cura los n-os méus versos.

Algunhas d' as niñas poesías cheirarán ôs ácres e bravos chéiros d' a montaña, como compostas, ou, pol-o ménos, helyanadas n-un outeiro, n-o miuto furtado pol-o poeta ô cazaror de lebres, como si dixéramos, esquirtas a salto de mata. Outras, prefiladas n-a cuciña d' aldea, véira d' os potes acúgula los de mariñas, xunt' a

canastra ond' o Pedro desgrana o millo, entr' o can que dorme n-o féixe d' as foupás, a carón d'o enfurruxado trasfugueiro, y-a moza qu' aduana, refocidal-as mangas d' a camisa y-o pano añudado n-a nuca, dend' a artesa ò lar e dend' o lar a espeteira, cheirarán... por sabido pode calarse, a caldo de fariña con grá y-a cachelos con pimento. ¡Sexa en boa hora! Son lixos d' a pátrea que non quero sacodir d' a miña coroza.

Aquí vai, póis, o libro, encanixado D. Quijote sin a compaña de ningun Sancho que pregóe o xénio d' o seu amo. Un cento de follas non nacidas á luz pública pra levantar tempestás n-os mares literáreos, emporcallados a forza de lama pornográfica, nin xiquera pra precurarille traballo ós fiscales, autuareos e demáis ecéteras d' a cúrea.

Y-eso que non se m' acultan certos procedimentos *nihilistas* pra conquerir sona. Ben sei qu' us cantos gráus de nitro-glecerina ou unhas pingas de fogo feneano postos, ó descóido, n-algunha d' as miñas poesías, terían á virtude, ó inframarxe, de dibuxar, entr' o roído y-o fume d' a esprosión, o meu nome n-o argadillo d' a popularidá d' un día, d' o mesmo xéito qu' aparece o d' o maordomo d' a festa d' aldea esquierto, con estrelas de xofre, n-o más alto d' a fachada de fogo artificial, pero somellantes mercantelismos védamos a miña sinceiridade. Pasen sin estrondo, sin que nádia os sinta, com' os regatos que baixan d' as montañas. Prefiro eso a trafecar

inoblemente c' os meus versos, espetando n-eles pararrayos qu' atrayan as centelas d' a cureosedá cíneca, como calquer Geraudel, en mor escala, co-as suas pastillas pr' a vos.

E dando xa de mau a estas cousas, qu' o fin y-o cabo os nagoceos de concencia resólveos cada un como Dios llo da á entender, e dinantes de porlle a conteira a estes renglós, premítaseme que, c' o chapéu n-a máu, e faguendo co-a rés un C maúsculo, en sinal de cortesía, bote o meu parecer sobr' o rexionalismo, entr' os moiros pareceres doutorales d' os méus insines pre-openantes.

¿Os que coltivan y-esquirben o gallego—lén-goa enxebre pol-a gracea d' os seus abulengos leusicolóxecos—fánno somentes por inocente devución ó cháu nativo, ou presiguen más fondos e trascendeales fíis? ¿Os qu' hoxe s' e dan por satisfeitos con ter á parte couto literareo, manán, trocando á pruma pol-a moca, aparexarían o brazo, novos Fráis Fanfullas, pra volcar os moxós d' a fronteira e cravar n-o alto d' os castros, sobr' as pedras d' os célticos menhires, o lenzo d' a pátrea gallega? ¡Probes ideólogos! Non, non somos cuspiradores.

Esquibimos en gallego, pubricamos pródicos gallegos, cobizamos academeas d' a nosa lén-goa, botámol-os cimentos d' a novela, d' o drama, e d' a ouratorea gallegos, pra ter algo noso, propea y-escrusivamente noso, tan noso com' estos mares qu' arrolaron o bérce d' os Nodales y-os

Mendez-Nuñez; com' estes lumiosísemos ceos qu' alumiaron as fazañas perdurables de Medulio, Cruña, Vigo e Sampayo; com' estas montañas ónde inda resóan os hinos de guerra d' os hermandinos e d' os literareos de Santiago; com' estes vals, froridos hóxe, onte cobertos de sangué xenerosa vertida n-as loitas d' a independencia; com' estes ríos, y-estes aires, y-estes recordos que frotan n-a atmósfra, y-este anaco de terra disputado á todal-as codíceas, o mismo ás que se cobriron con mantos de Réises como ás que se cobixaron baixo a enmallazada cota d' os cunquistadores. Sí, percisamos algun altar onde rendirlle culto ós nosos Penates, algun templo onde queimar o incenso ós nosos Xénios, ó esprito pátreo, a aquel *Deus agitante* que s' erguía ousado diante d' a maxestá suberbia d' un Carlos I pra lle negar, pol-a boca d' os nosos procuradores, os escudos c' os que s' ir crear á teutóneca terra, e que pol-os lábeos d' un oscuro mariñeiro, aló n-as revoltas augas d' o Pacífico, sobr' a coberta d' un barco de guerra, entr' o estrondo d' a metralla, empregado n-a faena de porteál-as granadas dend' a Santa Bárbara ás pezas, ó reventarlle de súpeto unha d' elas sobr' o peito, contr' o que a levaba apreixada, contendo co-as maus as entrañas que se ll' iban pol-as anchas bocas d' as feridas, temeroso d' e qu' a sua morte poídese compremetel-o combate, esramaba ó despromarse: *¡que veña o meu relevo!*

¡Algo temos que lembrar drénto d'a nosa casa!

E, por outro lado, certas ideas que teñen déixos de condino desquite, insuflan n'-os nosos peitos xenerosas ánseas e nobres afás pra desagravar o nome gallego d' inxusticias con él feitas.

Cando alá fora espremían o graxexo cen xenios xorobados, e non había novelón nin saínte que non levase seus correspondentes gráus de caustecele disoltos en mazorrales y-amoxamadas cherigotas; cando unha cáfela de tísicos poestastros, que deixaron sobr' a terra longa prole pr' a mal d' a Literatura e proveito de Ducazcales, autores d' horas de cumedia, ou de comedias por hora, sacaban ás táboas d' os Treatros ó noso pobo pra encorozálo, como si s' e tratase d' unha kábela marrouquí, co-a coroza d' o ridícolo, y-enredor d' as mesas d' os cafés axuntábanse indixestos leituguinos, mácios e podres, olentes a Macassar y-a botica, c' o tembro d' o Mercureo n'-os pulsos, pra lixar entre sorbo e sorbo de Vermouth a nosa honra ¿había surprender a nadia qu' eiquí, ond' os dólmenes croan os curutos en sinal d' o tempre d' a nosa raza, sacodíramos as cordas de ferro d' as nosas liras, indinados e coraxudos, pr' a espallar pol'-os aires o pregón d' a guerra santa?

N'-aquele momento operouse a gloriosa transformación de Galicia vítima en Galicia señora; foi aquel o istante en qu' o *Jhon Bull rexional*, simboleizado n'-o Bernardo-augador, enderezou a rés y-esnaquizóulle a cuba n'-os morros os ané-

mecos barbelindos, basura d' o arroyo. Entón, pra repoñernos d' o dano tanto tempo sentilo, pra cunfortar o espirto, levados pol-a mau d' un xeneroso istinto que se dispuña ousadamente a tomal-a venganza, escomenzaron os nosos poetas esa Odiséa trunfál, ond' hay, ás presas, griorias, loureiros, bendicíos, bágoas y-esprandores. Añón, Camiño, Vesteiro, Rosalía Castro, Pondal, Curros, Lousada, Carvaxal, Saco, Muruais, frorescencia risoña d' o noso Parnaso, sinalan, com' o estrelas d' a Via láctea d' a nosa resureución, o sendeiro de luz... Gracias éles, unha xuventú nobre e ben disposta, espertando co-as roxeces d' esta alba literarea, apercibíuse a loitar n-a aréa d' o libro e d' o pródico; gracias éles, o noso movemento poético crece d' hora en hora y-a xóven lexión trúnfa e cámpa en locidos e púbricos certámes; gracias éles, novos nomes, abrillantados pol-a xuventú é pol-o talento, recollen n-os labios d' o pobo os láudes d' a gratitudine y-os esgutíos d' antusiasmo.

¡Ben pol-os veteranos e pol-os bisoños!

¿Como, póis, non ha de ter feitizo pra nós deixar, xiquera sexa breve o troque, a léngoa n-a que fumos aldraxados, pra recollernos n-o lar apulíneo e dispor a semente que mañá se convírta en fruto saudubre e proveitoso? Soséguense os que teñen o virus d' a alarma n-os nervios. Non se trata máis que d' eso.

Alguén, de fora vido, y-en pelegrinación artística chegado ós nosos lares, tróuxonos o saúdo

d' os poetas d' a Provenza, d' os Felibres que n-a terra d' o sol, entr' aqueles aires inframados pol-a ardencia d' os ceos meredionáls, aló n-as risoñas cámpas d' Arlés, resoantes c' o estrépito d' as enfeitas campesinas, xustadores d' a pátreia, d' o amor e d' a poesía, congréganse, com' os cristeanos n-as agapes, en xuntanzas d' hirmáus ben queridos y-atizan o fogo sagrado n-os corazós d' os que levan á sua pátreia en trúnfo por onde levan a sua Tarasca. Agradezámol-o saúdo e tomemol-o exemplo (1).

Non adiquiremos lembradías douradas a fogo n-os Círculos e n-os Ateneyos; a nosa Poesía non se vestirá de fraque e guante branco n-as tertuleas aristoucrátecas, pero, en cámbeo, fror d' os campos, maruxa d' as ribeiras, vistida c' o dengue roxo e toucada co-a cófea de froles, será huélpel ben amado drénto d' as chóuzas labregas e levará perfumes d' os nosos vals e roxeces d' os nosos ceos ós que, tral-os mares, n-a terra ameiricana, viven de recordos e láudan, dinantes de poñerse a xantar, o santo nome de Galicia.

Veño cantar n-a méiga fala en que vertéu Alberto Camiño gallardas inspiraciós n-us poemas onde se sinten estralar, lóucos, firentes, histéricos, desesprados, todol-os doores e todol-os sofrimentos humanos; d' a que sacóu Pondal estranas armunías, agrestes com' as uces monteses;

(1) O poeta catalán D. Vitor Balaguer, ó abrir o Certame literario de Pontevedra, n-o ano 1881, saudou os poetas gallegos en nome d' os poetas provenzals.

Curros, cántigas—fóuces, tempradas como follas d' aceiro; Lousada, frescos e retozós humorismos; Carvaxal, notas malencónicas c' o poéteco déixo d' os nosos *alalálas* e d' as nosas alboradas, y-a insine Rosalía Castro tod' un mundo d' esprandores, n-us *cantares* onde s' axuntan os más sobrimes arrebatos d' a fantesía y-os más fondos estremecimentos d' a alma; y-ánque a ousadía d' a miña empresa cíngueme de temores que m' abaranzan, aléntame o pensar que n-as mismas polas d' os arbres onde póusan os reiseñores agarímanse es pardáos, e qu' os mismos aires que recollen gorxéos de xílgaros, recollen chilros de gayos. E, d' outra parte, non cchizo ser lido pol-os doutos d' a cima, sinón pol-os iñorantes d' abaixu, d' o montón. Somentes o pobo m' ispiróu, e somentes ó pobo lle dedico os méus versos.

Alberto García Ferreiro.

Ourense, Agosto de 1887.

Xuglar que divirte
súas própeas tristezas
cantando; adiviño
d' a pátreia d' os Céltas
que ten pr' os arcanos
ollar de porfeta,
son éu, e non busco
corōas pr' a testa
nin fama cobizo
nin ánseo grandesas...
Quen sóilo d' a pátreia
xuróu as bandeiras,
ten grorias d' abondo
co-as grorias d' a terra.

N-o libro encarnade
con formas poétecas,
visiôs pelegrinas
d' as nóites espréndedas...
Mañán, s' e qu' atopo
descanso n-a orela,
seredes d' o bardo
xentís compañeiras...

¡Surxide d' o escuro
auroras e brétemas!
Ahí tendel-o espazo...
¡volái, volvoretas!...



* * *

Non se defende a pátreia
con chóros prañideiros,
sinón c' o nobre esforzo
d' os grandes y-os pequenos.
Nin fólgos se cunsinten
nin trégoas nin sosego,
n-o crúo d' as loitadas
xigantes d' o progreso.
N-o colo d' a priguiza,
d' as froles entr' os chéiros,
ô arrulo d' un regato
y-â sombra d' algun fréixo,
aló n-outras centúreas
dormitexár poideron

sin ánseas nin coidados
os trovadores vellos...


Xa non ô pé d' o muro
sombrizo d' o castelo,
as cántegaas erótecas
espállanse d' os peitos,
nin vái hoxe a poesía
trepando entr' os penedos,
carón d' o mar que brúa
indómeto e suberbeo,
temprar a lira ossiáneca
n-o férvedo concerto
d' os hinos maxestosos
d' as augas e d' os ventos,
nin xá n-as legres cámpas
c' os rústicos arréos,
crôada como Céres
de primolas e d' hérvedos,
d' as frautas pastouriles
recreíase c' os ecos...

C' os pés sobr' un Vesubio
y-à véira d' un inferno,
metidos n-esta fórxa
que fonde os pensamentos,
n-hay miuto de descanso
pra grandes nin pequenos.
O pródico e un reduto,
un forno os Atenéyos,
a cátreña un haloarte

y-os libros guerrilleiros.
Os aires alcendidos
parés que trán n-os seos
a pólvora que vöa
os mundos que son vellos,
e cán n-este rubúmbio,
miudo polvo fítos,
os réises d' os seus tronos,
os dioses d' os seus ceos.

¡Poetas que cantáides
amores ô serño,
veiriña d' os regatos
y-à sombra d' os vimbieiros,
deixái esas branduras
d' o fólgo e d' o sosego,
e vinde tomar canto
n-as filas d' os obreiros,
qu' eiquí pr' os loitadores
d' as xústas d' o progreso,
hay férvedos aprausos
e follas de loureiro!







*
* *

—¿Pr' onde vái a rapaza garrida
co-a fóuce y-a corda?
—Cara vál d' Abeléira por herba
pr' a vaca y-a toura.

—¿E tí, Xán?—Eu tamén, e si xuntos
que vámamos queres,
méntras tí colles herba pr' o gándo
eu fágache o féixe...

A Rosa Rosiña
que vái car' ó prado,
ten ollos azules
y-os dentes moi brancos,

e fondas mói pechas
de rizos dourados...
Ainda é mói nova,
terá quince anos,
y-a fála somella
chiár de paxáros.
Xustillo marelo
y-o déngue encarnado,
e un pano n-a testa
mói limpo e mói branco.
Feliz, descoidada,
surrindo e cantando,
co-a fóuce que brila
d' o sol pol-os rayos,
outono collendo
n-o médeo d' o prado,
parés unha corza
n-a véiga triscando...

¿Que lle pudo pasar?... Pol-a nóite,
de volta pr' a casa,
máis que nunca o feixiño d' outono
n-a rés lle pesaba!...

Y-o pái d' a Rosiña decíalle á xente:
—Deixáina que chore...
Pra segarlle ó rapaz o pescocozo,
¿non tiña unha fóuce?



BRUXERÍAS

(A UN MÉU AMIGO)

O crégo de Listanco,
detrás d' o trasfugueiro, ten un banco,
non moi compreto n-o tocante á pés
por qu' en vez de ter catro ténche trés.
Cando vái pol-as nóites á cuciña
pedirlle lume ó crégo unha veciña,
(qu' houbo sémpre a costume pol-a aldea
d' ir buscar o que compre á casa alléa)
o crégo, con bôs modos,
como Dios manda que se fale á todos,
din que lle dí á muller sin comprimento:
Ei ten ese banquiño... tome asento...

Y-a muller, s' e qu' a presa non-apura,
obedece pra darrle gusto ó cura...

Y-o por o cú n-o demo d' a *argallada*
vái dar de rés ó cháu a disgraciada,
e bate c' os cadrís contr' a lareira
e roda como roda unha peneira...

Hastr' eiquí todo é craro y-é currente,
mais entr' agora o caso surprendente,
qu' habendo dúas presóas n-a cuciña
o crégo vése e non se vé a veciña...

¿Non che parés, pol-o que levo dito,
e perdóa s' hay erro n-este escrito,
qu' o demoro d' o crégo de Listanco
pode servir ben de *pé pra un banco*?





ALÍ...

De nóite baixaron
us homes à praya
deserta qu' as olas
xemendo azoutaban...

Eu vinos, n-o escuro,
e déronme lástema!

Un d' eles, un vello
c' a pel engurrada
cicáis pol-os anos,
ou ben pol-as bágoas,
camiña en silencio
sin dar unha fala,
y-ás veces revolve
a vista pr' as casas

d' o porto, que tristes
 blanquéxan n-a cámpa...
 ¡Dios sabe o que buscan
 súas fondas olladas!
 Cicáis as surrisas
 d' us nenos qu' agardan
 a volta d' un vello
 que ven n-unha barca...

¿Quén son e que queren
 d' est' hora os pantasmas?
 ¡Quén son! A miseria
 que sai d' as cabañas
 fuxindo d' a fórca
 d' us sonos que matan
 n-a escura cadéa
 d' un léito de pallas...

Penséi eu, ó velos,
 con ira e con lástima:
 ¡os probes d' o mundo
 que cedo s' afanan!

D' est' hora pr' os ricos
 hay mûsecas, danzas,
 perfumes de froles,
 olentes viandas,
 e léitos de pruma
 qu' ôs corpos agardan,
 e viños que férven
 en copas de prata...

Y-eiquí, pr' a probeza
sofrida e honrada,
a noite sin lua
y-os mares que braman...

¡O mar! Alí preto,
cal féra enxaulada,
resolla cobrindo
d' escumas á playa...

N-a orela, esquecida,
d' un cabre amarrada,
soiliña de todo
bambéase a barca...
Y-os homes aqueles,
ô son d' unha cántega,
turrando d' as cordas
sospiran e cantan...

Xa sei o qu' esculcan
as tristes olladas
d' aquel mariñeiro
d' a pel engurrada.
Xa sei o sacreto
que teñen as casas
d' o porto, que tristes
blanquéxan n-a cámpa,
pr' o probe velliño
que chora mirándoas...
Xa sei en que pensa
con ira e con rábea,

de pé sobr' a popa,
largando as amarras
d' o barco de pesca
que fóxe d' a playa...


N-a réxa fatiga
qu' os míseros pasan
decote co-a fame
librando batallas...
n-as lóitas a morte
n-a terra e n-as augas;
n-as nóites escuras,
n-a brega diarea,
n-un ceo qu' está xordo,
n-o xénio d' as fadas
qu' à véira d' os ricos
consinte que haxa
n-as chouzas perdidas
aló n-as montañas,
us nenos que trémen
e us vellos qu' esfámian...

¡Os probes d' o mundo
qu' inferno eiquí pasan!...

N-a terra estreituras
d' un léito de pallas,
pr' as nóites eternas
d' a frebe e d' as ánseas;
d' un lar esmuizado
qu' a chuva esborralha,

pra santo agarimo
d' amores d' a y-alma...
N-o mar a coberta
d' a probe barcaza,
pr' as lóbregas nóites
d' horribres burrascas,
xirós d' unha vela
por úneca sáboa,
novelo de cabres
por úneca almohada,
cicáis algun péixe
por úneca vianda,
por todo consolo
pr' as penas y-as bágoas,
os ventos qu' azoutan
y-os mares que braman,
por cháu as endebres
madeiras d' a barca,
y-as fáuces d' o abismo
por tod' esperanza...

Ou! tí, mariñeiro
d' a pel engurrada,
s' un rayo che fénde
de súpeto a barca,
non busques c' os ollos
as guixas d' a praya
e morre... qu' ô méños
morrendo descansas!





N-A LÓITA...

Si tés un ideal, si n-a tua frente
sintes algo que bule e que s' axita,
si é que ves relocer a labarada
sobr' este mar ónde fermenta a vida;
si pr' as grandes virtudes tés un canto
e un azoute pr' as grandes inxusticias,
e pr' as infamias y-as traiciós cravuñas
o ferro destrutor d' as tuas cantigas;
si pr' os probes d' o mundo tés n-as falas
alentos e consolos e legrías,
lembrándolle esas albas redentoras
qu' han de vir estrizar as inuminiás;
si d' as supersticiós, qu' as almas röen,
o miserabre altar, pós en estillas,
a fanáteca féra ultramontana

afogándoa entr' as cordas d' a túa lira;
 si a nobre maxestá d' o pensamento
 entr' as lamas suciales non-a lixas,
 y-os amores d' a pátreia n-os teus cantos
 teñen ecos indómetos que vibran
 co-a voz queixosa y-atronante a un tempo
 d' o rudo bardo maxiár d' a Hungria;
 si pr' estas corruciós d' a humanidade
 eres tí o Xuvenal qu' as denegriza,
 e si espertas d' o sono as muchedumbres
 co-a diana vigorosa d' as cantigas,
 xa verás com' alcontras un loureiro
 aló d' a groria n-a esprendente cima.

Ond' atopes c' o rastro d' unha infamia,
 onl' entropeces co-a traición maldita,
 alí a tua voz esté, séxa á tua pruma
 rayo que fénde e tempestá qu' esmuiza.
 Que non deu Dios inspiración ós bardos
 pra malgastala sóilo n-as orxías,
 ou entr' os brazos d' a muller amante
 n-o léito descomposto d' a lascivea...

¡Loitar! ¡sémpre loitar! sin qu' haxa prazo
 pra restañál-a sangue d' as feridas,
 e teu prémeo terás ¡que millor prémeo
 qu' o escuro láude d' a concencia limpa!
 y-unha cröa tamén, s' en ouuropeles,
 por mau d' o pobo con amor tecida,
 con froles d' os seus campos feiticeiros,
 con marelás selvátecas chorimas.




*
* * *

Busco d' us ollos os esprandores,
busco d' un seo lume de frebe,
busco d' us brazos lóucas cariceas,
busco d' us béizos bicos ardentes...

Non-os alcontro...!

¡Val más morrere
que petar n-a batoca ónde dormen
roïdos d' os vërmes,
os cadavres d' os vellos encantos
y-os vellos praceres!





BOTON DE OURO

¿Qué tés, miña xoya?
S' estou á tua véira,
por qu' entr' os méus brazos
sospiras e trémas?
¿Que dór impracabre
empana a fulxencia
d' os negros olliños
y-a cór d' as meixelas?
¿Non sabes que sinto
congoxas violentas,
y-afás misteriosos
y-angústeas secretas?
¿Non sabes, roliña,
que levo n-a testa

con lume d' amores
 tua imáxen impresa?
 ¿Non sabes que t' amo
 con louca querencia?
 S' e brandas nos cínguen
 d' o amor as cadéas,
 ¿por qu' entr' os méus brazos
 sospiras e trémas?...

.....

¿Non vés como todo
 con falas sacretas,
 a amores cunvida
 n-o ceo e n-a terra?
 ¿Non vés com' a nóite
 tranquila e serëa,
 séus craros fulgores
 derrama n-as véigas?
 ¿Non sintes, ô lónxe,
 salayos e quéixas
 de ventos qu' arrulan
 con cántigas tenras?
 ¿Non vés como brilan
 n-o ceo as estrelas?
¡Tampouco elas dormen!
¡Tamén elas velan!...

.....

D' o limpo regato
 as augas blanquéxan
 ôs rayos d' a lua
 que xogan co-elas,

y-esbaran y-esbaran
 mainiñas e leias,
 bicando co-a escuma
 as froles d' a orela,
 enchendo d' arrulos
 a noite serëa...

¡Tampouco elas dormen!
¡Tamén elas velan!...

.....

Aló entr' as folliñas
 d' os arbres d' a sélvia,
 n-as polas más altas
 qu' o vento abanéa,
 os rousiñols tristes
 en notas parleiras,
 lembrando saudades
 parés que se quéixan,
 enchendo d' arrulos
 a noite serëa...

¡Tampouco eles dormen!...
¡Tamén eles velan!...

.....

Orballo d' os céos
 caindo refresca
 d' os téus craveliños
 as matas bermellas.
 Froliñas de grana
 qu' os bioches non pechan,
 qu' espallan coores,

que chéiran e chéiran
enchendo d' aromas
a noite sereña...

¡Tampouco elas dormen!...
¡Tamén elas velan!...

Enxuga esas bágoas
e témpra as túas penas,
qu' as nóites d' amores
¡ay! fóxen apresa...
S' e sabes que t' amo
con louca querencia,
s' e sabes as miñas
congoxas violentas,
por qu' entr' os méus brazos
sospiras e trémás?

Eu quíxen a outras,
mais sémpre á sua véira
sentín o casánceo;
decote ond' a elas
eu vínme d' o hastío
envolto n-a brétema...
Auga que non molla,
lume que non quéima,
amor que n-o esprito
sinales non déixa,
que ven sin legrías
e fóxe sin pena...

En cámbeo, ô teu lado,
 eu sinto n-a testa
 a lóita xigante
 d' estranas demenceas,
 loucuras sobrimes,
 latexos d' ideas,
 frebiles angústneas,
 n-a sangue arderencias,
 lostrégos n-os ollos
 e lume n-as venas...

Recosta, roliña,
 eiquí a tua cabeza,
 qu' amante refulxe
 co-a luz d' a inocencia,
 e canta, méu ánxel,
 e soña o que quéiras...
 Por sóilo unha ollada,
 por sóilo unha aperta
 e un bico de fogo
 n-a boca bermella,
 xa sabes, miñ' alma,
 méu sol, miña pelra,
 qu' eu troco as legrías
 y-as grorias eternas...

¡Que noite tan crara!...
 As brisas d' a véiga
 salayos d' amantes

parés qu' arromedan...
 A est' hora a priguiza
 n-o léito espoldrexá:
 non dormen os qu' aman
 a dulce fulxencia
 d' a lua que brila
 risoña e serëa,
 os qu' aman as froles
 y-as aves parleiras...

¡Un ánxel n-os brazos!
 ¡Un ceo chéo d' estrelas!
 ¡Que moito que cante
 feliz o poeta,
 s' en arpa de bicos
 as cántigas témpra!
 ¡Que moito, roliña,
 que tanto te quéira!





MALA SOMBRA

O crégo d' a parróquea de Belama
ô tute xoga co-a señora ama,
y-as veces ocasion se lle presenta
d' acusar as tres vintes y-as corenta.

O crégo aquél n-o xogo é condergado
y-o tute qu' eles xogan o arrastrado...

Sái d' ouros a muller, y-o crégo *falla*,
y-as cartas pondo n-órdre de batalla,
entre *¡cónchos!* *¡caráfios!* e *¡canastos!*
a corrida compreta fai de bastos...

A ama desespera e non fai baza
pero o crégo non pérde a sua cachaza,
e cuáseque decóte
as fáldras d' os calzós levan capote...

Por milagre, ou cicáis por bruxería,
gana a moza s' e xogan pol-o dia,
mais s' é de noite e cousa acostumada
que sália sémpre a moza escalabrada...

E n-o xogo postreiro
que botan antes d' irse pr' o puleiro,
xa e sabido, por arte de diabura,
sémpre as *últimas dez* ll' espeta o cura...





LUZ E SOMBRA ⁽¹⁾

Xemidos de morte
n-os aires palpitan,
e súpricas fondás
de dôr y-agunía.

E veñen de lónxe, n-as alas d' o vento,
as quéixas dooridas
d' os hirmáus que demandan axuda
d' as almas amigas...

De lónxe, d' a terra
d' a luz e d' a gloria,
d' as verdes montañas,
d' as véigas risoñas,

(1) Lida, pol-o autor, n-unha función filantrópeca a beneficio d' os pobos andaluces, vitimas d' os terremotos de 1885.

ónde teñen as cámpas más chéiros,
 os arbres más follas,
 ónde son más azules os mares
 y-as nubes más roxas...

De lónxe, d' a terra
 d' as árabes cántegas,
 d' as guzlas mouriscas,
 d' as léndas gallardas,
 ónde vibran n-as nóites de lua
 chorando as guitarras,
 e pregóan d' o xénio a grandeza
 as lóusas d' a Alhambra...

De lónxe, d' a terra
 d' os áureos celaxes,
 d' os limpos regatos,
 d' as trovas amantes,
 ónde frotan recordos groriosos,
 e tristes soedades
 parés que se sinten, mainiñas e ledas,
 bulindo n-o aire...

De lónxe, d' a terra
 risoña e tranquila,
 por ónde entre froles
 esbaran as linfas...
 ónde soñan d' amor cab' as réixas,
 ónde, fuxitivas,
 vagan pol-as rúas cando pecha a noite
 sombras d' os Califas...

Xemidos de morte
que fénden o peito,
d' aló van chegando
n-as álas d' o vento,
d' hirmáus que vivían felices e legres,
e tristes morreron
en nóite d' horrores, de lóito, e de sombra
n-a terra e n-os ceos...

Xemidos d' angustea
d' os qu' inda quedaron
n-o mundo as suas cóitas
profundas chorando,
de náis que perderon ôs fillos d' a alma,
e moven os brazos
buscando entr' as sombras cariceas y-apertas,
buscándoas en vano...

Famentas, espidas,
co-a frebe n-a testa,
retórcense lóucas
de rábea e de pena,
y-o ceo impracable amóstrase xordo
ás bágoas y-ás quéixas,
e morren n-o escuro de fame e de frio
envoltas n-a brétema...


De lónxe, d' a terra
galana e frolida,
demandan axuda
d' as almas amigas.

Con tréboas n-o peito, con tréboas n-a mente
de pena ferida,
enrouquecen con tantos salayos
as cordas d' a lira...

Os qu' acampades ô raso
n-estas nóites d' invernía,
tendo por almohada as pedras
y-os alúdes por tarima;
os que morredes sentido
n-as convulsiôns d' a agunía,
ferver a terra por báixo
y-arder os ceos por riba;
náis que camiñades loucas
entr' a nevè y-a ventisca,
cobertas de ruís farrapos
as carnes enfraquecidas,
a téntas, entr' os cadavres,
buscando as vosas xoiñas,
deixáille un canto ô poeta
que trái bágoas por cantigas.
¡Eu choraréi como choras
Darro d' orelas frolidas,
como choran as guitarras
entr' as véigas granadinas!...
¡E tí, Dios, que dend' os ceos
n-o mundo as olladas fixas,
é xá tempo de qu' amostres
a tua compasion divina!
E, tí, pobo en que nascin,
tí que, con ánsea bendita,

téndeslle a máu ós que sofren
y-óos disgraciados alivias,
móito más te quero hoxe,
móito más, pátreia querida!
¡O arbre d' a ingratitudo
nunca arraigóu en Galicia!







HOMENAXE

N-o papel a sua idíleca pruma
empapada en celaxes de céos,
esprandores con chave de ouro
encerrando d' a rima n-o encetro,
alcendéu albouradas brillantes
en gallardos maníficos versos.
Eu topéi c' aquel libro de mozo
ó sentir d' as pasiós os latexos,
e vertin sobr' as brancas folliñas
ese pránto que vérten os nenos.
¡Cántas veces, d' entón, d' a miñ' alma
pr' as súas cóitas consolo tiveron!
¡Cántas veces, ferido de doores,
alcontréi n-aquel libro sosego!

Tí que xunto comigo escalache
 d' o Mont-Blánt o picóuto suberbeo
 ónde póusan vellós d' os armiños
 as folepas que can pol-o inverno,
 tí que fúche meu bô camarada
 alá lónxe n-o cháu estranxeiro,
 ben mereces d' a pruma un recordo
 en sinales d' o ben que te lembro.

Tí-y eu xuntos pr' a terra d' Italia
 cobizosos collimos a un tempo,
 e d' o sol qu' ispiróu ô Alixiéri
 n-as pupilas sentin os refrelos.
 Aló en Roma no circo esmuizado
 ónd' os móuchos encolgan niñeiros,
 as visiós d' outra edade surxindo
 ô conxuro imortal d' o teu xénio,
 vin pasar as cesárecas sombras
 entr' as roinas d' as xámbas d' os tempros.
 En Milan ónde os mármores ruben
 pol-os aires a atmósfra fendendo,
 recollido n-o escuro d' a nave
 contempréi con ollares inquietos,
 arrincar d' os méus pés as xigantes
 archivoltas camiño d' os ceos...

Xunt' o Adráteco mar priguizoso
 qu' a Venecia lle sirve d' espello,
 n-aquel ponte que garda lembranzas
 maldicidas n-os arcos sangrentos,
 n-aquel ponte, camiño d' os *promos*,
 —d' as roindades inico trouféo—

qu' hoxe alúmia con luz brilladora
 o trunfál esprandor d' o progreso,
 os salayos d' a tétreca torre
 de San Marcos, vergonza d' un tempo,
 espallarse sentinos con rábea
 n-os armónecos xíros d' o vento,
 e parés qu' ás lembranzas d' o bardo,
 alcendidas por ódeos sinestros,
 com' a cobras doentes saían
 maldiciós atronantes d' o pléutro,
 e qu' as sombras d' os Dux asesinos
 e d' os *Dez* o esecrabe *Consello*,
 d' os sepulcros deixando á negrura
 y-en xirós as mortaxas poñendo,
 impracabres d' o polvo surxían
 cal manada de tigres famentos...

Máis ô lónxe, lumiosos paisaxes
 ôs méus ollos feitizo lle deron,
 entr' as parras d' o *Lácrima Cristhi*,
 sobr' os váls pol-as cinsas cobertos
 d' o Vesúbio, que s' érgue n-o couto
 xunt' as nubes a testa escondendo,
 y-aló en báixo, n-a faldra d' o monte,
 latexando, con brilos d' aceiro,
 n-aquel mar tan azul com' os ollos
 d' as Nayádes que garda n-o seo...


¡Cántas veces sentínme arroubado
 pol-a máxea d' os sonos poétecos!
 ¡Cántas veces co-a ollada d' o espirto

diante min contempréi tod' aquelo!
Eu co-a vista cravada n-as follas
d' o teu libro, meu bô compañeiro,
vin o barco bambearse n-as linfas,
sobr' as xárcias ô sol posto o lenzo,
refrexando n-as augas azules
a cordaxe d' o limpo aparello,
cand' aló n-o Possílico alcenden
labaredas de lume os refrexos
d' aquel sol que n-a terra d' Italia
abrilanta o paisaxe súberbeo,
cand' aló pol-as prayas resöa
o doorido cantar mariñeiro,
entr' a escuma que férve n-as guixas
y-o bater paseniño d' os remos,
n-esas horas qu' enxéndran n-o espirito
ilusiós y-esperanzas e afeutos,
en qu' é o mar tan azul e tan máino,
tan risoño o paisaxe e tan méigo,
qu' hay n-as cámpas feitizo tan fondo
e n-as véigas tan dulce sacreto,
que parés qu' está todo en agarda
d' un pincel, d' un artista, e d' un lenzo...

Entr' os fústes d' as vellas colonias
que sosteñen as lousas d' os tempros,
â veiriña d' os limpos regatos
entre cárcer de froles suxetos,
ou n-o val feitizoso e garrido,
ou, ô lónxe, de pé n-os outeiros,
relembmando en Vaucluse ô Petrarca

ou ô Tasso imortal en Sorrento,
aprendin n-as canciós d' as montañas,
n-os queixosos sospiros d' os ventos,
a soñar co-eses sonos sobrimes
con que soñan os bardos espertos...

Fói entón cand' o culto d' as artes
inframándom' o espirto y-o peito,
diant' os ollos pr' estímulo puxo
alá lónxe, mói lónxe, un loureiro
ou co-a sangue ou c' as bágoas mollado
d' o que telo cunsigue por préneo.
Fói entón cand' o amor d' a poesía
n-o meu sér espertando os alentos,
condenóume a sofrir impracabre
esta sede, est' afán, est' anhelo,
que nos goces é fél, n-os praceres
é martíreo, n-o amor sofrimento;
esta louca ansidade d' estranos
imposibres amores que teño,
esta frebe qu' a sangue m' abrasa,
este lume que levo n-o peito...
Fói entón cando a pruma n-as follas
espallando pesares n-os versos,
comencéi a vivir esa vida
misturada de groria e d' inferno,
d' os que sofren n-o mundo o castigo
de ter sempre as olladas n-os ceos,
e d' andar pol-as portas deixando,
en anacos, o seu pensamento.





THE GRÁND MONDE O MUNDO PEQUENO

(TRILINGÜE)

Unha invitación que trái
o gróom negro d' un Marqués.
Dice asina, en letras de ouro,
o cartoné:
«O marqués de Cascaspodres
»o Lundí, n-o seu hotél,
»agarda a Mr. Rodriguez
»a dinner.
»Haberá gardén parthy,
»un bô math de croqué,
»y-a beneficeo d' os probes
»gran kermésse.
»Por adiantado, merçi,
y-hastra ese jour, á trois héures.

Fraque ás cóstas, clác n-a testa,
y-alá vái o *reportér*.
¿Non meresce un *tour de force*
tal *diner*?

The gránd monde.—*Sauterie*
d' o perólico: «O Cravel.»
«Onde fúmos invitados
»o *five of clód* d' o marqués
»de Cascaspodres, y-a festa
»foi dina d' un *emperéur*.
»N-a *maison* hospitalárea
»a *high-life* d' a *societé*
»déuse cita, y-alí vimos
»ese dourado A. B. C.
»d' a *crème* d' a fina *crème*
»d' a aristocrácea *enragé*.
»Co-ese mutivo andivemos
»d' eiquí pr' alí pol-o *hôtel*,
»adimirando as riquezas
»d' o ilostrísemo *gourmet*.
»Dend' o *boudoir* d' a Marquesa
»hastr' o *bureau* d' o Marqués,
»cheirámol-o todo, os cadros,
»os *bibelôts*, os *doçiers*,
»as esculpturas, os brónces,
»os cabalos, os *ponéurs*,
»y-hastr' os novos *vairés de nuit*
»vidos de Rusia *avant' hier*.
»¡Golpe d' efeuto sobrime
»o que presentaba a *sérrel*!

»¿E que decir en eloxio
 »d' a notabre matinée?
 »Entr' os chéiros d' as gardenias
 »fixo a filla d' o Marqués
 »toda a mûseca de Vágner
 »y-a de Hertz,
 »e un d' os nosos más ilustres
 »sportmans.—Lord Beasconfiéld—
 »fixo as delicêas de todos
 »cantando, pero a *merbéille*,
 »en tres idiomas a un tempo
 »*El adiós, L' addio, L' adieu.*
 »Dempóis d' a season rubimos
 »ôs comedores d' o hotel,
 »y-ahí vái o menú, rezado
 »por finísemos *carnêts*,
 »co-as armas d' a casa en gules
 »—un caldeiro y-un tres pés—
 Viter—Ajenjo—Vermouth.
 Ostres, Rawilót de beuf,
 Entrecôt a la Bouchardale,
 Strasbúrg fois-grás, Kriemélts,
 Poudingg àu Rhûm, Prippasantes,
 Britannia fit. *Ors d' œuvrés:*
 Mortadélle—Anchuil àu game,
 Pippé mostáz—Cebolét.
Vins: Saint' Emilión, Sauterne,
 Bordeau, Champagne. *Desserts:*
 Crême a l' Evéque, Sttriuites,
 Té—Café.
 «A table estivo servida

»co-esa alegancia *employé*
 »d' antigo pol-os ilustres
 »señores d' aquel *hôtel*.
 »A suberbea orfebrería
 »entr' as hermosas *corvélles*
 »de rosas, énche de brilos
 »os riquísemos mantés,
 »y-a comida porparada
 »por *Scóttin*—qu' é un *Vatel*—
 »foi dina de qu' a laudase
 »*Mr. Brilat Savarin*.
 »Falouse d' *sport*, de viaxes,
 »d' as carreiras, de Moret,
 »d' o *skating*, d' o *slepeeng-kár*,
 »e d' o gusto d' o Marqués
 »pra dar as millores festas
 »que se ven.

Ansí acaba a *sauterie*
 d' o peródico «O Cravel.»
 Trái esta firma debáixo:
Rodrigué.

* * *

Un recado que me tróuxo
 unha broéira de Toén.
 »Que d' a parte d' o meu amo
 »—don Xosé—
 »qu' o espera mañá sin falta
 »a xantar, sobre d' as trés.
 Non e negra a rapariga

com' o gróom d' aquel Marqués,
 qu' e más branca qu' as folepas
 que se ven n-o San Mamed.
 Púxenme camisa limpa,
 collo de pau e chapéu,
 e sin más frác nin más hósteas
 cara ó amigo lar toméi.
 Láudan o santo d' o dono...
 ¡xantar asina e cumer!
 ¡Arde o mundo n-esta casa!
 ¡Anda o viño pol-os pés!
 Cabertos, d' os de Caldelas,
 pra cad' un de nós hay tres.
 'O redor de catro mesas
 arringleiradas mói ben,
 sentámonos trinta amigos
 —ou séxan *sasenta pés*
de cristiandá, como din
 os d' a terra de Camoéns.—
 Caldo de berza... ¡Aturúxos!...
 Hóubo alí quén tomóu dez
 cuncas d' él. Pésia ós *franxutes*,
 ¡este sí qu' é *consommé*!
 Cocido. ¡Asús! Arrimarse
 pra non cair. ¡Dios dá ben!
 ¡Unha vila de compango
 trán n-as fontes ó meu ver!
 Leven conta. Trinta libras
 de vaca; perniles, seis;
 catro dúcias de chourizos;
 un touciño que parés

un *The Times* desdobrado
ou a airexe de Toén;
uñas de porco, oito páres;
mariñas, cicáis en tres
cavaduras non se collan
as qu' alí vin eu traguer;
tomate, n-unha sopeira;
pementos, cargan un trén;
galiñas, botando ó pouco,
habería vinte e seis.

Rilla que rilla catro horas
n-aquel *monte* de cumér,
non pudemos rillar todo...


¡Dios dá ben!

Dempóis viñeron prencipios
junha lista d' un coartel!
Melruza, de catro xéitos
composta; carne de seis;
capôs, cabertos d' espeto,
troitas, turtillas de mel,
e móitos puntos asina

.....
pr' aromatar d' unha vez.
Un rio Miño de natillas,
arrós con leite, pastés,
requesós, róscas, bizcóitos
con Rom. Tostado, Xeréz,
pero móito, por pelexos,
Anisado, Moscatel,
e pol-as cúncaas d' o caldo
cúncaas chéas de café,

y-a cad' un catro xarutos
y-eiquí paz y-hastrá más ver.
De Sargadelos a lóuza,
d' os de Padrón os mantés,
y-a comida merecente
de toupar con ela un Rey.








* * (1)

O crégo d' un lugar n-unha homilía
que botou pol-a festa de San Máuro,
pr' asoparar drénto d' a airexe os séusos
de xéito tal qu' os non tentase o diaño,
escramóu con acento coraxudo:
¡Fáldras arriba e pantalós abáixo!





¡ATRÁS! ^(t)

Non son o poeta
que tráí á boa nova,
y-ás xentes regala
c' os contos que conta.
Non son o que canta
tenrísimas trovas
nin lénidas d' amantes
en rimas sonoras.
Non tráyo n-o pléutro
xiquera unha corda
qu' arrulos n-os aires
vibrando recolla...
Non tráyo cantígas
d' as nóites risoñas...

(t) Esquirta con motivo d' a custión d' as Carolinas.

Os céos esprendentes,
as brisas, as follas
d' os arbres tremendo
mainiñas n-as polas,
non prénden n-a pruma
brilantes estrofas...

¿Quén para pra oubire
concertos n-as frondas,
romores n-as sélvias
qu' os arbres entoldan,
si a pátreia o recrama,
si é a críteca hora
d' os toques marceales
d' as bélecas trompas,
qu' ô lónxe y-ô preto
n-o espázio resóan?...

¡A pátreia! Ese templo
sagrado d' as nosas
querencias, d' as vivas
lembrazas risoñas,
d' os santos afeutos,
d' as dulces memoreas
d' os dias d' a infáncia
feliz e saudosa...
¡A pátreia! O curruncho
querido d' as nosas
naiciñas amantes;
a cuna y-a cova
d' amigos e déudos;

es' algo, sin forma,
que fala d' un bérce
de vímbios qu' arrola
os sonos d' un ánxele
qu' en páxaros soña,
a nái qu' entolece
mirando a sua xoya;
que fala d' un ceo
d' eternas auroras;
d' us campos garridos,
d' us nenos que xogan
n-o ádro d' a airexa,
d' os sáuces à sombra;
d' o tempo d' os mayos,
d' as idas à escola,
d' o amor primeirizo,
d' a primeira nóiva,
d' a verde figueira
qu' estende n-a porta
d' a branca casiña
séu tólido de follas...

¡Xuglares, mudeces
pr' as arpás bucólecas...
N-a brecha... alí temos
o síteo d' a honra!
Deixái de cantare
dulcísimas trovas
e léndas d' amantes
en rimas sonoras.
¡Qu' os ódeos inframen

as célticas cordas
d' as liras, poñendo
n-as duras estrofas,
venganzas qu' infundan
n-a gréy patreota
sobrimes alentos,
enérxecas forzas,
e frébiles ánseas
de trúnfos de gloria,
e sede d' a sangué
que lava as deshonras...

¡Cantái d' as batallas
as festas monstrosas!...
¡Cantáideas en rimas
que chéiren a pólvora!...

¡Atrás a codicea
piráteca e louca,
d' as turbas famentas
d' a gréy d' a Teutonia!

'O lónxe Numancia
con cinsas pregóa
eternas venganzas
d' a xente española.
Inda érgue o Medulio
sua testa orgullosa,
y-a sangué n-os taxos
d' o monte s' amostra
lembrando grandezas

esquirtas n-as rocas.
A crara corrente
d' o Léthes recorda
baldôs, inuminias,
afrentas, vergonzas
d' os Césares nécios
y-as huéstes de Roma.
O sol mexicano
tamén as viutoreas
alúmia d' a pátreia:
n-a terra groriosa
d' Otumba os cadavres
blanquéxan n-as covas,
d' os grandes Corteses
resúrxen as sombras...
¡Lepanto! Algun dia
n-o médeo d' a lóita,
co-a sângue as tuas augas
puxérонse roxas.
As turcas galeiras
qruebadas e rotas,
n-o abismo esconderon
infamea e deshonra,
deixando en sinales
d' hispánecas grorias
a enseña en anacos
tronzada n-as olas...

Non é, non, milagre
qu' o mar nos conoza,
que sémpre fói campo

pra nós de viutorea.
 Somella o infinito
 súa sábana longa...
 ¿Qu' importa? Non caben,
 por eso, as tuas grorias,
 ¡ou terra querida!
 ¡ou pátrea española!
 n-o mar qu' é pequeno
 pra telas a todas...

¡Esperta, Churruca,
 e dí como lóitan
 os fillos d' España
 n-as linfas revoltas!

Volcás son as naves;
 d' o céo, todo sombra,
 empana os fulgores
 o fume d' a pólvora...
 Entón, n-ese istante
 sobrime en que forman
 a orxía sangrenta
 d' a nóite d' a gloria,
 a morte por drénto,
 y-a morte por fóra,
 y-os berros de mando,
 y-os pitos que sóan,
 y-as xárcias que rénxen,
 y-os páus que se tronzan,
 namentres n-as bandas
 estrélanse as bombas,

y-asúbia a metralha
 qu' os aires axorda,
 e cán d' o aparello
 qu' as brisas azoutan,
 os rotos anacos
 n-a mar bramadora,
 y-embaten con ira
 salvaxe n-as bordas
 as fúreas d' os ventos
 y-as fúreas d' as olas,
 d' a santa bandeira,
 d' as guáldas e roxas
 purísimas prégues
 trunfantes e soltas
 ôs bicos d' os aires
 y-ôs bicos d' as ondas,
 n-os topes más altos
 d' as náos españolas,
 xirós chéos de sângue
 despréganse e frotan,
 cobrindo os cadavres
 con púdeca sombra,
 ¡sangrenta mortaxa
 d' o lenzo d' a gloria!

¡Galicia! Os téus fillos
 d' alento e de forza,
 decote n-a guerra
 deixaron a proba.
 De Vigo esas túas
 mesnadas bisoñas,

que súpeta aprestas
n-as crítecas horas,
buscando con ánsea
gaiélicas tropas,
¡olléos de morte
qu' alúmia a viutoreal
con béleco arroxo
fenderon as portas,
e sangué francesa
regóu a Gambóa,
qu' as manchas d' o créto
con sangué se borran!
N-a Cruña, heruína
d' a raza briosa
d' a Grecia, d' aquellas
mulleres suliotas,
sin medo á metralla
que ruxe e qu' atrona
rasgando c' o lume
os séos d' a atmósfra,
n-o glásis d' o muro,
de pé sobr' a roca
que cái en anacos
desféita co-as bombas,
n-a mau a navalla
blandendo orgullosa,
surríndolle á morte,
sangrental-as roupas,
n-o seo d' o albionense
qu' á brecha lle toca,
cravando hastr' as cachas

con ira e con forza
 o aceiro fundido
 d' os ódeos n-a forxa,
 arríncalle a ingresa
 bandeira invasora,
 e cáí o cadavre
 desfeito n-as olas
 pra espanto e castigo
 d' empresas treidoras,
 y-eterna insinanza
 d' as léndas d' a historea!

E tí, Mendez Nuñez,
 esperta qu' a honra
 d' a pátreia peligra
 ô lónxe, ond' a próa
 fendéu d' a *Numancia*
 as índicas ondas.
 ¡Esperta que cómpre
 decirle á Teutonia,
 qu' España *prefire*
 séu créto ás súas frotas!

Os mares que cínguen
 a terra española,
 as augas sangrentas
 que rúxen e lóitan
 batendo con rábea
 n-as pedras d' a costa,
 párés que lembrando
 fazañas gloriosas

saúdan d' a pátreas
 as vellas memoreas,
 c' os máinos arrulos,
 co-as cántigas róucas,
 co-a voz d' as tormentas,
 co-as frébiles notas
 d' as arpas d' os ventos
 que dórm'en n-as olas...


Non é, non, milagre
 qu' o mar nos conoza,
 ¡xá sabe que temos
 a sángue ben roxa!...

¡Atrás a codicea
 piráteca e louca
 d' as turbas famentas
 d' a gréy de Teutonia!
 ¡Atrás! En Rioseco,
 Bailén e Zornoza,
 cramando venganzas
 xá s' érguen as sombras
 d' os héroes, qu' inviutos,
 cairon n-a lóita!
 ¡Atrás os que queren
 lixarnos a honra,
 a pranta poñendo
 con ánsea treidora
 n-a terra qu' un tempo
 roubámoslle ás olas
 regándoa con pingas

de sângue española!
¡Atrás! N-as montañas
resöen as trompas
guerreiras qu' ôs fillos
d' a pátrea convocan!
Si barcos nos comprehen,
pra télos d' abonda,
o Réise d' España
qu' empeñe a corôa,
que nós dando a vida
xa damos de sobra!

¡Hirmáus, espertáide
y-atentos à hora,
voláide s' oubides
qu' os chama a viutorea!
¡Que non desfallezan
as huéstes patreotas
si o promo enemigo
as mérma y-as tronza!
¡Non quede un con vida,
non sália un d' a lóita,
ni un sóilo xiquera
si queda sin honra!







* * (1)

(DE GUSTAVO ADOLFO BECQUER)

Porque son, nena, os téus ollos
verdes com' o mar, tés pena:
verdes téñenos as náyades,
verdes tívochos Minerva,
e verdes son as pupilas
con que soñan os porfetas.

O verde e gala e feitizo
d' os váls pol-a primaveira,
o verde n-os sete coores
refúlxer d' o arco d' a vella;
as esmeiraldas son verdes,
verde o coor d' o qu' espera,

(1) Tradución d' o castelán.

verdes as olas d' os mares
y-os loureiros d' os poetas.

Son as tuas meixelas páleadas
rosas d' orballo cobertas,
en qu' a grana d' as follíñas
ves' asomar entr' as pelras.

E, sin embargo,
sei que te quéixas
porqu' os téus ollos
crés que t' aféan.

Pois non-o créas,
porque son as túas pupilas,
húmedas, verdes e inquietas,
tenriñas follas d' albahaca
qu' ô sopro d' os aires tréman...

Parés, nena, a tua boquiña
roxa granada entraberta,
qu' a matar sedes treidoras
pol-o vráu cunvida e tenta.

E, sin embargo,
sei que te quéixas
porqu' os téus ollos
crés que t' aféan.


Pois non-o créas,
que cando estás enoxada,
as túas pupilas somellan
olas d' os cántabros mares
qu' entre penedos s' estrelan.

E a tua frente que se crōa
c' unha espréndeda diadema,
nevado coto ond' o dia
sua luz últema refrexa.

E, sin embargo,
sei que te quéixas
porqu' os téus ollos
crés que t' aféan.

Pois non-o créas,
porqu' entr' as rúbeas pestanas,
e preto d' as siés, somellan
bioches d' esmeiralda e d' ouro
qu' un branco armiño suxetan.







INRI

¡Canto sufro ô te ver! Catro logreiros
c' o teu manto en xirôs hóxe trafican,
de porta en porta d' os coarteles bules
y-en xogadas de Búlsa andas metida.
Amada de Platón, musa d' os libres,
¡que mal te queren os qu' así te lixan!

Vestal d' a Ley que n-o sagrado templo
d' o amor universal o lume atizas,
non eres á Estatilea que s' arrastra
n-o emporcallado lar d' a mancebía.
Raméira d' o vivác, diosa d' as turbas,
tí non éres a forte e bendecida
xusticieira matróa, qu' ôs seus peitos
canto hay de bó n-a humanidá se cria,

non eres d' o Direito a esposa honrada,
tí serás, cando más, á concubina.

Cando a concencia popular te chame
entre palmas virás, á llez d' o dia,
por camiño real, non pol-a trócha
d' os que fúxen ó medo d' a xusticia,
saudada con fervores y-antusiasmos
por todal-as concencias redemidas.
Que non d' o rebulicio coartelesco,
borracha co-a augardente d' a cantina,
quérote ver sair, a greña ó aire,
y-a crápula insolente n-a surrisa,
levando a retaguárdea canto sobra
n-o bordél, n-a taberna e n-a letría,
co-a coroza n-a rés, e d' a loucura
soando as bufonescas campanillas.
¡S' e t' han de ver meus ollos profanada
que nunca chegue a alba d' ese dia!

Non ha de vir así, non pol-o atallo
por ónde collen as traiciós malditas,
nin pol-a medoñenta encrucillada
ónd' os vicios de nóite s' agariman.
Por asalto chegada ós nosos lares,
a traición qu' a trouxera levaríaa...

Non vayádes mercar pol-os coartelos
traiciós que se malvenden por codicias,
nin troquedes as lóitas d' as ideas
pol-a inobre contenda fratrecida,

qu' a tribunia inventóuna a democracea
y-o fusil inventóuno a tiranía.

Ninguén caya d' apóstol que presuade
en malvado sicareo qu' asesina.

¡As prumas-baonetas esgriminde
si buscádel-os lauros d' a cunquista!

Non fíes d' o que vil e miserabre
traiciona a dinidá y-o créto pisa,
en trato de chalás vendendo o brazo
a quen lo púxa más. D' honrados fía,
d' eses que t' aman por t' amar somentes,
d' eses que teñen a concencia limpia.

¡Mercadeires, atrás! N-o santo templo
d' a augusta libertá non se trafica.

Quén traicionou, pra te servir, séus dioses,
xa ten a trócha arteira deprendida
pra facer mañá igual co-as túas bandeiras,
qu' o presente ó porvir os homes fía.

¡Malhaxa os histriôs! ¡Fora os farsantes
qu' así te meten n-a xornada indina,
sacando d' o coartél catro traidores
pra que sálian ás prazas dando vivas!

¡Botáde a latigazos d' ese templo
ós que co-a santa libertá trafican,
y-acabe d' unha vez a barafulla
d' honorabres pulítecos-bulsistas!

Quitádelle o antifás pra que se véxan
de cara a cara as intencíós malinas.

Non son tan grandes como vos pensades

ô velos n-o curuto d' a culina;
fillos d' o Lilipút, pra ser xigantes,
vánse pór sobr' un pé n-a lexanía.

Non troquedes as lóitas d' as ideas
pol-a inobre contenda fratrecida.

Ténen outro poder as sociedades,
máis forte qu' o poder d' a artilleiría,
pra conquerir a redención amada
que non a cañonazos se conquista.

Tocade a somatén dend' as tribunias,
buscade un O' Conéll pra vosa guia
qu' inframe o corazón d' as muchedumbres
co-a palabra firente y-alcendida
qu' axorda com' o trono, e com' o rayo
fénede e rácha e derrumba e pulveiriza...
Petade n-o montón pra que desperte
a musa d' as supremas ousadías,
d' o sono de lirón en qu' a sumiron
a forza de croeldades e inominias.
¡Volade a Santa Bárbara d' a prensa
pra que cáya o pasado féito estillas!
¡Mirabeaux-artilleiros!... ¡ás tribunias!
¡Brigadas d' o *meeting*!... ¡ás baterías!

Pr' a labor redentora d' os espiritos
cañós nin barrecadas non precisas;
c' o Krúpp-prensa hay d' abondo, qu' as ideas
tamén levan n-o seo diñamita.



COUSAS

Sólen os crégos ¡Dios lles dé xuicio!
tomál-o sacerdóceo por oficio,
qu' os hay n-as ecreseástecas xornadas
que s' axustan a secas ou molladas...

O crégo de Balferro,
sin ir máis lónxe, cando ten enterro,
s' acabóu de ceár e vái pr' á cama,
dille, dándolle as nóites, á sua ama,
(e n-o seu dito o méu aserto apoyo)
que o chame cedo porque ten un *choyo*...

S' e a un cornista lle sirve de descanso
falar por boca, como din, de *ganso*,
gábome eu d' a verdá d' esta esquirtura

póis refiro o que dixo o señor cura,
que fala d' o de Dios tan de lixeiro
como fala d' o seu calquér pedreiro...

E pra que formen o cabal xuicio
de qu' o altar pr' algús crégos é un oficio,
diréilles d' esta histórea por remate,
(e si minto qu' a morte non me mate).
qu' acostuma chamarlle o de Balfenta
ô cális y-ô misal, *a ferramenta*.





'OS RAPACES

D' A SEUCIÓN CORAL

(CARTA ABERTA)

Xaneiro de 1881.

Méus estimados amigos:
Fái tempo que tiña ganas
de botar un parraféo,
c' os mozos que cando cantan
deixan lélos ós pasmós
que ll' escóitan a *Alborada*.
Fái tempo, y-eu nunca minto,
qu' inda non hay dúas somanas
que n-unha nóite de lua,
nóite transparente e crara,
colmado de gozo ó peito
y-os ollos chéos de bágoas,
oubin os vosos acentos
como romores de augas

que pol-os cóyos d' o monte
sin que se sintan esbaran...
¡Que dulce malenconía
hay n-as vosas tristes cántigas,
e como as parleiras notas
en turburentas cascadas,
énchen d' arrulos a nóite,
—arrulos de pombas mansas—
e dempóis éntranse ardentes
bulidoras pol-a alma!
Non hay xilguérios n-os árbres
nin reiseñores n-as cámpas,
que canten com' estes bruxos
tan malencónicas cántigas...
Fato negro de demoros
qu' a forza n-as górxas gardan
subiectes e frautís
e bandurreas e guitarras!
Eu entolezo de todo
cando lles sinto a *Alborada*,
que parés qu' o sol se írgue
tral-os cotos d' as montañas,
e que s' énche o corazon
de resprandores d' as albas...
Pónse o *escribano* n-o médeo
co-a sua pelica raxada,
colle un guiciño d' un mollo
—anque o merece de prata—
e c' un demoro d' un chifre
dalle a sinal ôs que cantan.
Us tosen, outros escopen,

poñen as pañosas baixas,
e fan, com' un cú, unha róda
ô redor d' o d' a *bofanda*,
y-éste, entón, parés ó rabo
y-os demáis unha naranxa.
Báixo, báixo, moi baixiño,
us sospiran y-outros cantan,
outros romedan ás pitas,
outros romedan a gaita,
outros botan esgutíos,
e ruben ús y-outros baixan,
e pouco a pouco ós méus ollos
van vindo, ás presas, as bágoas,
e pouco a pouco a tristeza
énche con olas amargas
o corazon, y-o méu peito
férve que férve, e n-a alma
páxaros, brisas e froles
axítanse en louca danza,
y-a sangue pónse tan roxa
c' o frinisí d' a *Alborada*,
qu' eles cando cantan choran
y-eu choro cand' eles cantan.
Por eso non hay xilguérios,
nin paxariños d' as cámpas,
nin reiseñores d' as nóites
ond' está esta rapazada.
¡Ben pol-o fato d' os méigos
e ben pol-o d' a *bofanda*,
ben pol-os méus amiguiños
e *jbravo!* pol-a *Alborada!*


Mais o caso é que sin nome
inda están o qu' ansí cantan.
¿Queredes qu' eu vós bautice
sin latís, crégos nin augas?
Chamádevos: *Os amigos*,
qu' e unha bóa nomeada,
y-asina cando cantedes
en nóite práceda e crara,
faredes róda c' os corpos
y-outra más pécha co-as almas.
Basta xá de parraféos
e de versos e de cántigas,
y-en pago de todo o dito
vóuvos pedir unha gracia,
que si saídes pra Réises
paredes n-a miña casa,
e botedes n-a Barreira
un cachiño d' a *Alborada*.





REALISMO

Máis qu' o mel ás avésporas me gustas,
máis qu' o quéixo ós ratôs téntasm' as ánseas,
e fámme tanto ben as tuas cariceas
com' a un lugués enxebre a *callouvada*.





'A TORRE DE PORQUEIRA

Rubín ós teus pretís esnaquizados
ónde campáron os pendós guerreiros,
e paréime a escoitar n-as tuas cruxías
por s' ouzaba o ¿quéén vái? d' os ballesteros.

Xá non palpita d' o feudal xigante
o ben temprado corazon de ferro,
que cinsa sobre cinsa amontoaron
os tempos novos sobr' os sigros vellos.
Xá nada alenta en tí; dénde d' os fosos
ó adarves más altos, todo a éito,
váste puderindo sin que cóide náide
d' arrimar un puntal contr' os teus lenzos.
¡Cánto d' agora a entón! ¡Un mar de sangué!
asopara o teu sigro d' o meu témpo!

Si o terrible señor d' os teus solares
d' a batoca s' erguese n-un momento,
féro e croél n-o remelar d' os ollos,
duro e brotal n-o espilicar d' os membros,
y-as pezas amarrando d' a loriga
ós séus cadrís, com' os d' os osos réxos,
rubise á prataforma coraxudo
pra dar ós aires o pregón guerreiro,
ós villanos d' entón chamara en vano
pr' a mesnada axuntar... ¡Todos morreron!
O sol qu' alumió os séus escravos
non é o sol qu' esplandece os nosos ceos;
a Libertá manumitíulle a huéste
y-en todo o mundo non lle queda un servo.

¡Mostra o teu espaldár, lóbrega torre,
que si en pé te deixóu por bulra o tempo,
cando ménol-o penses cicáis sintas
que che fura as entrañas un pedreiro!





O NOSO ENCONTRO

Vinte pol-a vez primeira
báix' un parral, ô agarimo
d' a sombra... ¡que ben quentaba
o sol n-o ceo alcendido!
Negros eran os téus ollos
com' a nóite, com' o abismo,
com' a tristeza y-as penas,
y-os teus béisos tan roxiños
com' as freses d' as freseiras,
e tan dourados e lindos
teus cabelos com' o ouro,
com' as espigas d' o millo,
com' as uvas d' o verdello,
com' o anelo d' un obispo.
Tiñas o corpo xeitoso
e delgado com' un vímbio,

com' os amores gallardo,
y-esbelto com' un xunquillo.
Teus pés... ¿Tiñas pés, rapaza?
Non ch' eran pés nin peciños,
eran dóus, ¿dóus? ¡Qu' habian ser!
eran dóus piñós d' un pinho.
¡E que maus tan troneadas,
e que colores tan finos,
e que meixelas tan brancas
e que dentes tan maumiños!


Viñ' eu por un sóuto abáixo,
d' a caza, todo moído,
frebil, selento e xadeante
y-atopéite n-o camiño.
O can chegouse á tua véira
e cheiróute c' os fuciños.
y-eu co-a emución sin querelo
deixéi escapar un tiro...

¿Que che dixen? Non me lémbro,
séica que secara o rio,
ou que crebara unha perna
o abade preto d' o muiño.
Quedeime parvo de todo
cand' os teus ollos y-os miños
arderon n-aquela ollada
como dúas almas n-un bico.

¡Com' a ser! Ben pouco dura
n-o mundo o pracer comprido!

Ti ausentáchete y-eu vinme,
e, desd' entón, ¡coitadiño!
parezo un probe famento
e teño a coór d' un tíseco.
Iña non sei si te quero
pero, en cámbeo, sei de fixo
que t' adoro com' adoran
en Pontón a San Benito.
¡Canto m' ei lembrar de tí
xunt' o piélagos sombrizo,
ond' as augas muxidoras
y-os ventos enforecidos,
lóitan con fúrea salvaxe
com' a férax n-un abismo!

Pámpanas d' aquel parrál,
outono d' aquel pradiño,
fonte, craveles bermellos
de min tan ben conocidos,
espadanas que cheiréi
orelas d' o manso rio,
¡cando tornaréi a vérvos
pra meu consolo e feitizo!
¡Ay canto te quero, nena,
a d' os rasgados olliños,
d' altiva e páleda frente
e d' os dentes pequeniños,
cravel d' o méu craveleiro,
méu amor, dolce agarimo,
branco luar que m' alúmias
n-as revoltas d' o camiño!






* * *

Porque fala de *Spéncer* e de *Proudhon*,
d' organismos suciáls e bioloxía,
pasa praza de lido e de sabiondo
n-a escura capital d' unha provincia.

Qu' abonda n-algús pobos disgraciados
pra chegar d' a opinion a ser os réises,
con falarlle à iñorancia d' unhas cousas
qu' a probe d' a iñorancia non entende.





IO LOBO!... IO LOBO!...

Baixóu d' os Pirinéos por entr' as górxas
con polainas de cóiro e leopuldina,
d' o pescozo encolgándolle un carneiro
qu' en París lle furtára a un empeñista.
Metido a loitador en dous miutos
com' a Rei se metera en catro dias,
pensou que tod' un pobo s' asovalla
n-o tempo qu' as Samóggis se cunquistan.
E un lobo más galan que Lovelace
co-as entrañas más negras qu' as endrinias.
Y-a propóseto, oubin que n-a Inglaterra
d' un Réise e d'-unha dama foi nacida,
certa órdre que lustra a quén a alcanza
e que ten por embrema certa liga.

¡Tanto pasmo por eso, porqu' un Réise
 ll' ollara a unha señora as panturrillas!
 ¡Ben se coñoce que n-o mundo vive
 tan sóilo por tempadas a xusticia!
 Tanto barafullár, tanta algueirada,
 tanto encher d' os chapéus as couronillas
 co-eses *omni soit qui mal e pense*,
 que non sei si se comen ou se rillan,
 y-este lobo galan leva fundadas
 non unha, sinón mil *xarreterías*!
 Ben poden, póis, as frábicas ingresas
 suprimir d' unha vez esas letriñas,
 que pra non pensar mal d' os seus sombreiros
 non é de percisión que nos maldizan.

Baixóu d' os Pirinéos por entr' as górxas
 e c' o rabo entr' as pernas fóixe asiña,
 que ll' oléu a chamusque en Ouroquieta
 e fuxíu con carneiro e Munarquía.


Hóxe anda pol-o mar féito un Nep-tuno
 ós ventos enfiándolle as martillas,
 co-a traza d' un patron de mariñeiros
 pra ver si pesca ún trono con traiña.
 O que quere é ser Rey, tanto ll' importa
 d' eiquí, que d' o Xapón ou Filipinas,
 e con tal de mandar cicáis aceté
 o ser cacique d' unha tribu india.



* * *

Vivir escuro n-un rincón d' a terra
sin galardón, sin gloria e sin aprauso,
loitar co-a envexa qu' o seu lar lle ronda,
fundíl-ainxurea que lle saí ò paso,
e Dempóis, ò morrer, batél-a frente,
como Chenier, dicindo *¡eiquí había algo!*...

¿Que ll' importa o porvir a eses que náscen
pra ver n-o mundo un Lilipút d' enanos?





A GAITA D' A MORTE

¡Gaitiña, vólvesme tolo
cand' o puntál repinica
a muñeira d' as romaxes
feitizosas de Galicia!
Séica pode ser un trásgo
o que drént' o fól sospira,
que non son cóusas d' os homes
tan sobrimes armunías.
Dáche por chorar, e choras,
dáche por rír, e co-a risa
fas toupar n-as trouleadas
ós gallegos de Galicia.
¡Ay, gaita, cánto te quero,
cánto te quero, gaitiña,

miña xóya, miña brúxa,
 miña méiga, miñ' amiga!
 Cando botas a *alborada*
 parés qu' os pardáos se xían
 e que berra o vento drénto
 d' a palleta... Vese o dia,
 vénse as nubes culuradas
 entre lume de surrisas
 saír pr' afora botando
 ós culeiros a alegría,
 síntense cantar os galos
 e facer *có, có*, as galiñas,
 quedar o pumar valeiro
 e sospirar ledas a linfa
 d' os priguiceiros regatos
 regatños de Galicia.
 Todo se sinte, abofellas,
 tod' eso conta a gaitiña,
 qu' éla co-a sua léngoa chora
 e co-a sua léngoa sospira,
 ¡e chora pol-os gallegos
 malfadados de Galicia!
 ¡Probes! Teñen fame eiquí
 e van pra lónxe y-as cútias
 mandan n-as aás vaporosas
 malencónicas d' a brisa...
 ¡Sófren! ¡sófren! ¿E qu' importa
 s' hay n-o médeo tantas linfas
 y-eiquí non se ven as bígoas
 nin se ven as agunías?
 Van pra lónxe, van nos barcos,

e n-as xárcias tréme a brisa,
y-as tempestades d' os céos
azoutan a mar tranquila,
y-o barco fóxe que fóxe,
máis axiña, máis axiña,
como si o demo d' o inferno
chéo de ódeo e de malicea,
infrase o morro e lle dése
ð barco por trás y-as linfas...
¡Cantos morrerán de fame
sin volver á sua Galicia,
sin ver n-os ollos d' as náis
relocer as bagoiñas,
sin darlle bicos n-a frente
nin miraías de rudillas
chorando diante d' a Vírxen
de culpa e de mancha limpa!
¡Cantos morrerán ¡coitados!
n-aquelas lexanas illas,
batendo os dentes co-a frébe,
e maldecindo d' o dia
en que puxeron á pranta
n-a coberta enegrecida
d' o barco, que, dend' a Cruña,
os levóu cara as Antillas !
¡Galleguiños! ¿Téndes fame?
Póis morréi d' ela en Galicia,
que val más morrer n-a terra
que non morrer n-esas illas.
'O ménos eiquí teredes
pra cobixar vosas cinsas,

un xirón d' o ceo d' a pátreia
y-a sombra d' unha eremida.
Van pra lónxe, vánse os vellos
y-os chorós y-as raparigas,
que cando marcha o patrón
desfáise toda a familia,
e todos, vellos e mozos,
todos, todos hóxe emigran...
¡Rayo de Dios! Él vos tolla
gobernantes d' a Galicia.
Un machado fénada as arcas
d' as vosas tesourerías,
corvos negros de gran crús
espetañada n-a lanvita.
¡Galleguiños! Xa que hóxe
inda temos quen cunsinta
que morra a xente de fame,
cal si fora unha pauliña
a que cái n-as vosas testas
co-as contribuciós malditas,
méntras se fan sucidades
pr' os cás, entr' as xentes ricas,
armái de mocas os brazos
e berrái anque non sintan:
¡Lampantís! Pan pr' os famentos,
pan ou brúa pra Galicia,
que vostedes ben a montan
cando d' ela necesitan.
¡Inxenieiros! Ollo ó dito,
fendéi montes, e co-a tinta
rachái n-o papel montañas,

tendéi pol-os váls as vías,
estudiade carreteiras
por ónde cercule a vida,
que lógo, co-as picarañas,
os gallegos de Galicia
racharán tamén o corpo
de pedra d' estas culinas,
farán carreiros n-os váls
pr'os tréns que pr' aló asubían,
e si morren, morrerán
sin morrer de morte indina,
aprastados n-un tunél
com' os obreiros d' o dia.
S' España é d' os españoles
qu' estúpedos n-os dinigran,
en lóxica ben decente
é d' os gallegos Galicia.
¡Ou, pátreia, non párees mentes
nin n-os desdés d' os d' arriba,
nin n-o vil quē te motexa
nin n-os ruís que te mancilan!
Fái un esforzo supremo
pra que resúrxan altivas
as tuas vellas maxestades
y-as tuas nobres enerxías,
y-outra vez serál-a forte
y-outra vez serás temida.
Non pidas limosna a nádia
pois deshónraste pedíndoa,
porqu' eiquí ónde lle puxemos
o pé a todal-as cudiceas,


querémoste ver señora
pero non te ver mendiga.
¡Gaita, repinica a morte!
D' esta féita n-hay xusticia
ou as levantar a testa,
nai chorosa, ben enriba.
¡Gaita, repinica a morte,
a ver cando chega o dia
de que matémol-os córvoz
a cantazos en Galicia!





* * *

Eses olliños d' o azul d' os céos,
eses cabelos d' a cõr d' o ouro,
y-a luz d' a alba qu' énche de brilos
véigas e cámpas, vál's e picoutos,
son as tres cousas qu' amo n-o mundo,
son as tres cousas que más adoro.





¡AY!

¡Morréu abafado!...
¡Non deu un sospiro!...
Quedóuse n-o bérce
de palla e de vimbios,
c' os ollos abertos,
deitado, surrindo...

Un ángel somella
c' as máus o probiño
en cruz n-aquel peito
tan branco e tan limpo...
Encóbrelle a frente
madeixa de rizos,
ten cór o sembrante

de follas de lirios,
e chéiranlle a rosas
os lábeos roxizos...

Ó velo n-o bérce
de palla e de vimbios,
c' os ollos abertos,
deitado, surrindo,
parés qu' aquel ánxei
quedóuse durmido
soñando con sonos
d' estrelas, e chios
de páxaros ténros,
e xogos tranquilos
d' os nenos d' aldea,
descalzos y-espidos,
qu' aló pol-o inverno
tremendo c' o frio,
fan cregos de lama
y-airexas de lixos,
sentados en rodas
ó pé d' os camiños...

¡Os nenos d' aldea!
Os nenos sofridos
que nunca tiveron
xoguetes nin viron
soldados de promeo,
cabalos, cochiños,
con nécoras drénto
choutando e bulindo...

¡Os nenos d' aldea
 que van ateridos
 co-a chúa d' o inverno,
 co-a neve y-o frio,
 aló pol-os montes
 levando feixiños
 de fóupa e carquéixa
 pr' o lar sin abrigo!...

¡Morréu abafado!...
 N-a gorxa d' armiño
 tixeiras de punta,
 coitelos de fío,
 cravándolle a carne
 sentiu o probiño...

¡Morréu abafado!...
 ¡Non deu un sospiro!...
 Quedou n-aquel bérce
 com' un paxariño
 qu' escond' entr' as prumas
 d' as alas o pico,
 e dorme agardando
 a aurora n-o niño...

*Tí non morreche,
 tí estás durmido,
 —n-ese lenguaxe
 todo sospiros,
 todo bagóas,
 todo cariño,*

dille unha probe
nai a aquel fillo.—

—Fálame, neno,
¡fillol... ¡filliño!...
¿Tí non escoitas
méus áis doorídos?
¿Non ves meus ollos
cuásque sin brilo?
¡De chorar tanto
xa están ceguiños!


Fogo de frebe
n-as venas sinto...
mira que morro,
fálame, fillo,
¡fillo d' a y-alma!
¡fillol... ¡filliño!

Y-o probe neno
sémpre durmindo
sono de morte,
sono tranquilo...
Y-a nai, d' os doores
n-o parousismo,
sacóde a testa
n-aqueles vimbios...

Muller non chores
qu' os anxeliños
teñen n-os céos
seu agarimo...

{Mais quen con contos,
com' eses vai,
cuando é que sofre,
xunto a unha nai?...







* * *

Foi eiquí... ¡ben m' acordo!
xunt' esa probe cruz ond' aquel dia
cuásqu' ô morrer o sol, preto d' a noite,
acodin a sua cita...

¡Cántos anos pasaron!...
Sin luz e sin legrías
andiven pol-o mundo
envolto n-a desdicha.
Camiñante sin rumbo
en senda sin saída,
xirôs d' a miña alma
deixéi entr' as espiñas.

Hoxe, qu' ós lares vólvo
curarme d' as feridas,
xa non alcontro á véira
unh' alma cumpasiva,
nin básemos d' amores
que témprian e qu' alivean,
nin brazos que m' aperten,
nin béisos que surrían...

Fói eiquí, ben m' acordo... N-esas pedras,
o mesmo qu' aquel dia,
ó últemo fulgor d' o sol que morre
a cruz dóurase e brila...

¡O mesmo non!... porqu' ela non m' agarda,
co-as mauciñas de neve,
ó pê d' ese cruceiro desfollando
os roxos caraveles...





DIANT' A ESTÁTUA
DE
DON CÁSTO MENDEZ NUÑEZ

Xeneral, un probe bardo
d' as montañas d' a terriña,
ven ô pé d' esa esclatura
qu' o teu nome imortaliza,
pra conversar co-a tua sombra
adourada e bendecida.
Dend' as atlánticas prayas
cheguéi morto de fatiga,
pra bicarche os pés de ferro
e faguerche unha visita.

Móito choraron us homes
véira d' as augas tranquilas,

cando nantronte lles dixen
 qu' eiquí de pé féito viña.
 Eran us probes d' us velloz
 mariñeiros que cinguían
 as quedellas maxestosas
 co-as azules barretinas.
 Dixéronme qu' ás tuas órdes
 n-o Pacífeco serviran,
 e que loitárades xúntos
 n-a fragata *nomantina*.
 Os probes cando te lémbren
 sinten tantas estranías,
 que si de tí contan algo
 falan méños que sospiran.
 Chámante sémpre *Don Cásto*
 cicáis pol-a non perdida
 costume d' entón, y-os puchos
 sémpre que te noman tiran.
 ¡Si vises como s' inframan
 d' antusiasmos e legrías,
 cando léndoan o grorioso
Dous de Mayo d' a Marina! (1)
 Parés que teñen por diante,
 pol-o xéito con que miran,
 o Calláo co-as suas muralas
 y-as suas torres mouedizas
 y-os fortís de Santa Rosa
 y-os séus tréns d' artilleiría.
 Non lles esquece un detalle

(1) O bombardeo d' o Calláo tivo lugar o dia 2 de Mayo de 1866.

d' a xornada pelegrina,
e tal com' á min contároma
vóuch' á contar, sombra amiga,
pra que despertes, si dormes,
c' os recordos d' aquel dia
en qu' hastra os mismos grometes
igualáronse òs Gravinas.

Catro mil légoas adrénto
n-o mar; a costa bravía
d' o Perú sin un prayazo
de refúxio e d' acollida;
unha bandeira aldraxada,
a de Lepanto e Pavía;
o noso honor n-unhas naves,
a traición campante en Lima,
e seis dúcias de cañós
pra seiscentas baterías.
Sona a vós de ¡zafarrancho!
e n-as náos todo s' axita,
dend' os hélices ás gavias,
dend' o ponte ás escouilllas.
A *Resolución y-a Branca*
rompen o fogo y-enfían
contr' os fortes furmidabres
ón d' as traiciós s' agariman,
un inferno de metralha
que rebomba e qu' asobía.
A *Berenguela* ¡que modo
de loitar ten a probiña!
Ardéndolle os seus sollados,


esnaquizada e fendida,
rubíndolle o mar òs fornos
y-anegánda... lóita ainda.
Pateiro n-a *Vencedora*
fai milagres de pericea;
Alvargonzalez n-a *Almansa*;
Sanchez, fazañas n-a *Vila*
de Madril; Don Xan Topete
co-a *Branca* gloria cunquista,
e Don Cásto...; de Don Cásto
hay que falar de rudillas!
C' o sabre n-a déstra, en alto,
e n-o Calláo posta a vista,
c' us non sei qué n-o sembrante
com' a lóstregos de ira,
que de súpeto esmorecen
e de súpeto s' animan,
parés que quér co-as olladas
estrombár as baterías.
Cravado n-o ponte ténde
pol-as augas infinitas,
us ollos que non se sabe
o que buscan ni ónde miran,
y-à morte, qu' o ronda à véira,
c' o mismo despreceo mira,
qu' ás tempestades d' os ceos
as montañas de Galicia.
Loce o sol pero non chegan
os esprandores ás linfas,
que todo é noite de pólvora
e tronar d' artilleiría.

De súpeto fénde os aires
 unha granada nemiga,
 y-estrózalle o nobre péito
 y-acribálallo a feridas
 a tempo que barre o ponte
 y-a baranda pon n-estillas.
 ¿Qu' importa? Non déixa o canto
 nin o pabelón arría,
 qu' os que lóitan pol-a pátrea
 nin cerdéxan nin vacilan.
 A sangue cégallo os ollos,
 tréme, bárreselle a vista,
 e despromándose o probe
 sobr' un bao d' a batería,
 inda berra ¡viva España!
 inda roxe ¡morra Lima!

Calaron aqueles homes,
 e pol-as caras cortidas,
 esbarábanlle bagullas
 que d' os péitos lles saían.

Xeneral ¡ind' hay algús
 que te lémbran en Galicia!








* *

Us béizos que se bican son a frébe,
us ollos que se buscan son a gloria,
e son un paradiso n-este mundo
dúas almas que se queren com' as nosas.





PAISAXE

Véira d' a playa,
báixo d' o monte,
n-un recodiño
que fai o mar,
hay unhas chouzas
de pescadores
cuáseque acultas
n-un piñeirál.

Lónxe, n-a cume
d' unha montaña
que doura o brilo
d' o sol que sai,

fénden os aires
torres sombrizas
d' un vellouqueiro
pazo feudál.

Dend' as alméas
esnaquizadas
que fan os ventos
tambalexár,
por entr' as xuntas
d' a silleiría,
baixan as hedras
bical-o cháu.

A campa é fresca
risoña e legre,
a praya limpa
com' un cristál,
os lares brancos
com' azocenas,
o ceo bermello
y-azul o mar.

Cobren as redes
as balcoadas
d' as probes chouzas
d' aquel lugar,
y-os réxos cabres
d' os pescadores
cruzando o aire,
veñen e van...

Us nenos rubios
com' anxeliños
d' eses que poñen
riba d' o altar,
c' us puchos roxos
com' amapoulas,
brincan n-a playa
d' eiquí pr' alá...

Bulen risoños,
parlan e chóutan
y-algús qu' apenas
saben falar,
din xá, moy tesos:
¡Largáide a escota!
¡Colléi dous rizos!
¡Lapôs, orzái!...

Preto d' a noite,
cando apardece
y-óuzase o choco
repiquexár
d' a vella esquila
qu' òs tumbos anda
n-o campanario
d' a parroqueal.

Os mariñeiros
volven de lónxe
derrangueados
de mariñar;

saltan en terra,
bican ós fillos,
y-á Dios, d' hinoxos,
láudes lle dan.

Un barco é o mundo
d' os pescadores,
qu' ós tristes lares
a noite trái,
y-o ceo pra eles
n-está valeiro,
póblano os dioses
d' a inmensidá...

Véira d' a praya,
báixo d' o monte,
n-aquel recodo
que fai o mar,
hay unhas xentes
qu' á Dios bendicen
cando n-as barcas
co-a aurora sán.

Hay us retabros
con frores secas
n-us argadillos
feitos á mau,
por ónde rúben
preces que pidan
alento e forza
pra traballar.

Alí non chegan
rebombadoras
as loucas fúreas
d' estoutro mar,
nin a oleada
de lixo e sangue
que ven d' o fondo
d' a humanidá.

Alí non chegan
os remuiños
de polvo e cinsas
d' este horacan,
nin o doente
feróz oubéo
d' a lúrpia besta
d' a sociedá.

Eles que loitan
co-as tempestades
e son d' o abismo
réxos Titás,
teñen un culto,
teñen us dioses,
teñen us ceos
en qu' esperar...

Y-eiquí os cubiles
supuran podres
fetos infrados
de vanidá,

e calquer mácio
zampalloneiro
pensa que sabe
máis que Renán.


Y-hay quén de santos
pon ós bandidos,
como si a forca
fose un altar,
y-endiosa o roubo
y-o asesinato
y-os féitos lauda
d' os criminás.

Folgos d' us cafres
—lixo d' as ruas—
zudre que verte
d' o lupanar,
besta malina
que ten pr' as rábeas
bozos e pellas
n-a ley penal.

Pr' aqueles homes
d' a pel curtida,
d' as olas reises,
hay un alá...
¡Probes d' os probes
si non tiveran
algunha espranza
de millorar!

Nunca m' esquezo
d' aquel paisaxe
d' aquelas dornas
nin d' aquel mar,
nin d' os neniños
qu' apenas falan
e xá din tesos:
¡Lapôs, orzá!







IASÚS!

O crégo d' a parroquea de Penalva
érguese pra ir misar ó toque d' alba,
mais n-o inverno (qu' a lús é contrabando)
sémpre ten que vistirse atoutiñando,
póis por causa d' o diaño d' as neboeiras
apenas ll' entra lús pol-as vidreiras.
N-o respaldo de cóiro d' un escano
déixa o cura o seu térno (qu' é de pano)
y-o par d' o escano, as botas,
(¡que son duas ilostrísemas cañotas!)
e n-un travesañeiro, xunto á vela,
as medias—un quintal de lá marela—

Certo dia
d' inverno, ô amañecer, nada se vía;
o crégo de Penalva
espertóu, como sémpre, ô toque d' alba,
e dando pra bulir moi listas trazas,
suxetóuse as calcetas co-as barazas,
colléu a roupa cuásequ' a toutolas
e vistíndo chaleque e cirigolas,
botóuse pol-a rés non sei que sayo
e saíu pol-a porta com' un rayo...

¿Que pasóu que as veciñas qu' o agoardaban
o velo aparecer se santigoaban?
Que pol-a pouca lús y-entr' un *pláus Deo!*
por virtirse c' o séu, vistindo o alléo,
coidando qu' iba posto de sotana
¡saíu d' a Reutorál con muradana!...





PESTE...

Doorido d' as cousas que vexo n-o mundo
acóllome, ás veces, ó escuro d' o lar,
buscando n-a calma d' os puros afeutos
un pouco sosego y-un pouco de paz.

Eu vin alá fora, n-o medio d' as ruas,
n-o grosso d' a turba malina e brutál,
co-as binchas infradas batendo n-o aire,
ó Meco de trapos, ó Dios popular.
Granuxas tiñosos levábano ás costas,
espídal-as carnes, sangréntal-as maus,
ceibando d' as górxas esterco d' inxureas
n-os róucos tronidos d' un hino trunfál.

Manadas lobeznas, co-a noite volvian,
o incendio y-a sangue deixando por trás,
co-as follas d' as leises en cáchos, y-as destras,
sin grilos, por mofa, preixando o puñal.

Abríndolles as xáulas ós Próudhons-panteiras,
¡Fundámol-os templos! —sentínlles berrar,—
¡A terra eses dogmas! ¡Que cayan pra sempre
as farsas que cinguen o entorto sicial!
¡Abaixo os burgueses! ¡Enxofre ós traidores
y-o noso reinado veremos campar,
que Dios y-a familia son torpos enganos
e chámase o roubo, n-a ley, propiedá!
¡Eiquí os esprotados! ¡N-os aires resöe
d' as vítimas libres o coro trunfál!
Co-as pedras d' os pazos facei falenstéreos,
e léitos de turcos c' os léitos nupciás!...

¡Silenceo a barbarie! Silenceo, qu' o mismo
qu' hay ferro n-as fórjas pr' as fúreas d' o mar,
pr' as fúreas sociales, de rábea mantidas,
hay ferro d' abondo n-as prumas-puñáls!

Eu vin alá fora, n-o medio d' as ruas,
pelexa d' inobres codíceas d' hirmáus,
n-os fóleos d' os preitos cospindo venganzas
por mor d' us ichavos de ménos ou más.
Eu vin aduanando n-as úrnias o fráude,
eu vin as concencias n-as prazas feirar,
campántel-os vicios, cohechada a xusticia,
tronzádal-ás leises, rompida a moral.
Eu vin alá enriba, Catós de tempada,

d' o pobo ô deitarse, d' o rey à mañá,
ximnastas d' oficeo, que, d' unha volteta,
van dar dend' o meeting ô pazo rial.

Eu vin, alá en báixo, por netos de viño
mercál-os sufráxios d' o probe patán
qu' agúnia n-os érmos rachando co-a aixada
terraños qu' o fisco lle traga vourás.
Eu vin n-o curuto, co-a capa toureira
terceada de xéito de manto rial,
ôs destros infrados, qu' endeosan as turbas,
c' os cónnos d' un touro preixados n-a mau.

¡Feirál-as concencias! Sin ouro, por cobre
calquer qu' o cobice ben pode mercar
doutores que locen veneiras n-o peito
y-as firmas malvenden por presas de cás.
¡Feirál-as concencias! Que falen os probes
o móito que saben d' a venaledá
de xueces qu' ausolven ou penan co-a vida
a dous asesinos por féitos iguás.

Grosuras botadas c' os fólgos d' oficio
asentan as carnes n-os brandos sitiáis,
e róucan naméntres litíxiase à véira
a vida ou a morte d' un fillo d' Adán.

¿Qu' importa a xusticia? Caida s' alcontra
de nobre y-augusta fonción popular,
en chóyo d' obreiros que fan us tougados,
labor de rotinas que ganan xornal.

Eu vin alá fora, n-o medio d' as ruas,
n-as nóites d' inverno pidindo pra pan,

ás probes d' as hórfas qu' empuxa a miseria
 pr' os léitos revoltos d' algun lopanar.
 Eu vin as virtudes—carniza d' as modas—
 c' os peitos ô aire, n-os xíros d' o vals,
 perdel-a inocencia d' as vírxenes almas
 n-os tautos impuros d' inícos Don Xás.
 Eu vin n-os garitos, carón d' unha mesa,
 ôs probes obreiros xogal-o xornal
 ô naipe qu' entrampa calqué barateiro
 co-a vil gayolada d' un xogo de maus.
 Eu vin n-unhas follas—d' a prensa fillastras—
 noxosos dibuxos de xeito brutal,
 qu' adestran n-a plebe c' os chéiros d' a sangue
 discípulos ferros d' os móustros Trompmáns.
 Eu vin os probiños d' os nenos d' a escola
 cheirar ás podreces que levan n-as maus,
 n-us libros pringosos—preñéz d' a taberna—
 qu' a crápula escribe con tinta-cogñác...


Vertendo d' os cáuces, invádeno todo
 lixosal-as augas d' a inmoralidá,
 podrecen as honras murchadas n-o escuro,
 dá en nós a furraxe... ¿Qué fai Xuvenal?





* * *

Dádeme reiseñores que me canten,
apertas de mulleres que m' adoren,
viño d' o Rhin que m' enardeza á sangue
y-olente azahar que m' estimule ó goce,
e xá non quero sol nin alboradas
nin más cobizo qu' o negrór d' a nóite.





LÓITO

¡Ardéulle a casiña!...
¡quedaron por portas!...

Prendéu n-o cortello,
pegóu n-unhas fopas,
rubíu pol-as traves
a llama treidora
y-en cuásq' un istante
queimóulle a chavola...

¡O *pazo* d' us vellos
—o dono y-a dona—

que cuáseque teñen
os pés xunt'a cova!...

¡Que pena dá velos
aló n-a revolta
d' o monte, esquecidos
n-a escura congostra!...

Sombrizos é mudos
nin rezan nin choran
nin énchen os aires
de tristes deloras,
qu' as quéixas lles quedan
detidas n-as górxas...
Penar medoñento
que fire e qu' afoga,
tristezas sin nome,
tristezas rabeosas
que morden n-o espírito
con ánsea deabóleca,
e rón as entrañas
a xéito de cóbras...

¡Probiños! ¡Nin casa
nin léito nin roupa!...

C' os ollos vidrosos
saindo d' as concas,
firentes olladas
cravando n-as sombras,
y-as testas, que márchas

n-os péitos se dobran,
croadas de brancas
manelas d' estopa,
ô rastro d' o lume
qu' as traves devoura,
somellan estatuas
volcadas n-as lóusas...

Y-a nóite é d' inverno,
é neva por fora...

As chispas de ouro
dibuxan n-a atmósfra
un arco d' estrelas
brilantes é roxas,
qu' envolve d' os vellos
as ríxidas formas...

Y-a nóite é d' inverno,
e lóstrega e trona,
e cán as folepas
d' a neve n-as lóusas
d' as xámbas negrizaſ
d' a probe d' a chouza...

Sombrizos é mudos
nin rezan nin choran
nin énchen os aires
de tristes deloras,
qu' a pena é tan crúa
tan féra é tan fonda,

qu' os ollos non abren
camiño ás bagóas
qu' os tristes, por drénto,
parés qu' os afogan...

¡Que nóite pr' os vellos
—o dono y-a dona—
que cuáseque teñen
os pés xunt' a cova!
¡Que nóite tan crúa!...
¡que tréboas tan fondas!
N-o ceo e n-a terra
¡que xentes tan xordas!...


¡Mañá ó fardeliño
de xérga d' estopa,
con catro barazas
suxeto n-as costas,
pr' as presas de millo
que dan pol-as portas!...
¡Mañán as velleces
á esculca d' as códeas,
n-o lar d' os ricachos
lamendo n-as sobras!...
¡Mañá aterecidos
por váls é por lombas,
d' a mau d' a miserea
camiño d' a cova!...
¡Mañán o despreceo!...
¡Mañán a limosna!...

¡Que pena dá velos
aló n-a revolta
d' o monte, esquecidos
n-a escura congostra!...

Sombrizos e mudos
nin rezan nin choran...

¡Que nóite tan negra!...
¡Que tréboas tan fondas!...
Pr' os probes d' o mundo
¡que vida tan loba!








* * *

O que dura n-as froles o orballo,
o que dura unha nube n-o ceo,
o que dura un sospiro n-o aire,
o amor que che tiven duróume n-o peito.

O que duran as neves n-os cotos,
o que dura pr' os probes o inverno,
o que dura n' un hórfo a estranía
trál-o amor q ue che tiven duróume o despreceo.





A FEIXÓO

Débeselle erguer unha estatua e
queimar, o pé d'ela, as suas obras.

LISTA.

Tí que rompendo a escuridá d' a nóite
fúche a modo de sol n-o ceo d' España,
ben merescidos tés esos pelouros
y-ese ferro d' as fórxas catalanas.

Todo morrera cando tí chegaches
qu' en fónadas tréboas espertóu teu sigro;
ón d' os Lopes campáran, Villarroelos,
ónde houbera Solís, Paravicinos.

O idioma esborrallado c' os Fresnedas,
a cultura danada de miupía,
en báixo, n-o montón, as iñorancias
y-aventureiros Riperdás n-a cima.

Eso alcontraches tí; teu nobre esforzo
erguéu d' o cháu un mundo esnaquizado,
e c' os errores-d' indios bravos tribu-
andiveches sin fólgos a cantazos.

Qu'a tua céldia pra tí non foi curruncho
ónd' a priguiza se fartó n-a enhuenta,
foi anaco d' un campo de batalla
ónd' as prumas serviron de ballestas.

¿Quen com' a tí pra ll' estrizar os grilos
ô pensamento con coraxe rudo?
¿Quen com' a tí pra escorrentál-as sombras?
¿Quen com' a tí pra esprandecél-os mundos?

Anqu' hóxe non perezas tan sabido
nin teñas xa pra nós tan grande a talla,
o que tanto bulíu, premeo meresce,
quen tanto acantazóu, groria recrama.


Por ser gallego com' a hirmáu te quero,
por ser sabio e ser bô dóuch' os meus láudes,
e por ser tan valente como fúches
perdónote, señor, que fóses frade.

¡Descansa e durme en paz, loitador nobre,
que pra non lle dar gusto a Alberte Lista,
co-a pél d' as salamándrias os gallegos
forrarán as tuas *Cartas eruditas!*



* * *

Sémpr' eiquí n-esta cámpa cheirosa
c' os chéiros d' a véiga,
e tí sémpre n-os brazos, méu ánxel,
qu' amantes t' estreitan
con grilos d' amores
e grilos d' apertas,
y-a nádia n-o mundo
tereill' eu envexa.





TEMPESTADE

Cobiza reposo
pr' o seu pensamento
y-a Dios llo demanda
decote n-o rezó.
Persígueno loucos
salvaxes deseos,
y-o probe d' o frade
non hácha sosego
n-o escuro d' o craustro
d' o triste mosteiro...

Pensou que d' a carne
rebelde os alentos
domábanse á forza

d' aunos e rezos;
pensóu d' os pecados
poñerse a coberto
botándolle a alma
os grilos de ferro
d' os votos d' os frades
solenes y-austeiro;

pensóu que metido
n-o escuro d' o templo,
tan lónxe d' o mundo,
tan preto d' o ceo,
de Dios lle viría
consolo e remedeo;

pensóu que n-entrase
n-o crautro deserto,
por ánxeles gardo,
de huéspel-o demo;
y-espántano, o mismo
que fora, alí drénto,
visiós tentadoras
e mácios espeutros
qu' il olla d' a frébe
c' os vidros d' aumento...

¿Que vál enterrarse
n-os ámpitos negros
d' o craustro sombrizo
d' un triste mosteiro,
si van n-a compaña
d' a carne os deseos
cal torpe xauría

de lobos famentos,
s' un leva a *semente*
pecado n-os nervos?...

¡Poidera un, Dios santo,
tirar n' un momento
co-a carga d' o espirto
n-o fondo d' un rego,
y-entón cantas veces
de doores sinestros,
un dera n-a lama
c' o seu pensamento!

¡Tolada!... Non curan
ôs probes enfermos,
reposos d' o craustro
nin santos mistereos...

¡Miradeo!... Loitando
con forte ardimento,
en vano as olladas
convirte pr' os ceos
e bebe n-as fondas
soedades d' o templo
a paz d' as batocas
n-os místecos chéiros...
D' hinoxos n-as lousas,
rillando n-o rezó,
a Dios lle demanda
consolo e remedeo,
y-os ánxeles parvos

non baixan d' o téito
 sacar a aquel frade
 d' o fondo d' o inferno,
 ni-as foscas imaxes
 a inercea rompendo
 d' o mármore un brazo
 lle tenden ó enfermo.

N-os vidros de coores
 d' a ouxiva d' o templo
 o sol que s' aculta
 desfáise en refrelos,
 y-o escuro firtrando
 n-os arcos esbeltos,
 os plintos envolve
 y-os fústes lixeiros...

Y-o frade-Vesubio
 d' hinoxos n-o medeo
 cal arbre qu' o rayo
 rachóu pol-o seo...


Perdido s' alcontra,
 non hacha sosego
 xa mire pr' o mundo,
 ben olle pr' o ceo.
 D' un lado pantasmas
 en mudo cortello
 cravando n-o frade
 ollares sinestros;
 n-a cruz aquel Cristo

de sangue coberto,
c' os ollos pechados
y-as llagas n-o peito;
enriba as mudeces
d' o espazo deserto,
en baixo, ás suas prantas,
a boca d' o inferno...

C' os ollos de fora,
de punta os cabelos,
co-a frébe n-o pulso
y-un Etna n-os nervos,
turróu d' o rosareo
n-os hábetos preso,
y-á gorxa añudándoo
con ímpeto fero,
caíu despromado
n-as lousas d' o templo...

¡Perdón pr' ese probe
soicida-profeso!








* * *

¡Un berciño, qu' os ánxeles gardan,
e n-él o meu neno!...

Xá se foron as dúbidas negras
d' o meu pensamento...
xá vin luz n-este escuro d' a vida...
jxá sei ond' é o ceo!...





|AUSILIO! ⁽¹⁾

|Caíu canto s' erguía
n-as terras e n-as almas!
N-o cháu as alboredas,
n-o espírito as esperanzas...

¿Qué foi, qu' ansí están tristes
os probes d'a montaña,
e regan os camiños
de sangue e más de bágoas,
e van fóscos e mudos
a xéito de pantasmas?

(1) Esquirta con motivo d' as disgracias qu' ocaseonaron n-a provincia d' Ourense as terribres tempestades de Xunio e Xullo de 1887.

¿Qué foi' qu' eu vin us homes
 con frébe n-as olladas,
 berrar como si os lobos
 trincáranlle as entrañas?
 ¿Que foi, qu' eu vin de nenos
 correr unha manada,
 d' a chouza pr' a rastreve,
 d' a vélga pr' a montaña,
 co-as roupas en anacos
 y-as maus ensanguentadas?
 ¿Qué foi, Dios poderoso?
 ¿qué teñen? ¿qué lles pasa?

Un ano diant' os ollos
 sin pan... ¡que nóite larga!
 A nóite qu' ha d' encherilles
 ás cárceles as panzas;
 a nóite que fai loucos
 á ducias n-as cabañas;
 a nóite d' asesinos
 que rouban e que matan;
 a nóite d' a probeza,
 negriza, enrabechada,
 y-escura com' as covas
 d' as feras d' as montañas...

¡Hirmáus! Cantos teñades
 n-as uchas ouro ou prata,
 partinde c' os labregos
 d' a terra galiciana;
 partinde, que si mérman


tesouros n-esas arcas,
en tróques han crecervos
as puras e sagradas
legrías d'a concencia
y-a paz d'as vosas almas,

¡Socorro! ¡Un bocadiño
de pan a esas manadas
famentas de labregos
d' o val e d'a montaña!

¡Ou Dios, alúmia a nóite
tan pécha d' a disgracia!
A nóite que fai loucos
a dúcias n-as cabañas,
a nóite d' asesinos
que rouban e que matan...

*¡Séñor qué che fixemos
qu' así nos acantazas!*







ONTE.

Xuntóuse a multíude esparexida
ô toque de crarin d' o seu talento,
chamóulle o pobo ¡salvador! y-en trúnfo
paseárono entre froles e loureiros...

Idólatra d' as léis mallou n-a plebe
pra sacar d' ela luz, y-a plebeinxusta
qu' aburrece d' os códegos o encerro
pensa n-a sangue y-o puñal cravuña.

HÓXE.

Xuntóuse a multíude ô son d' o toque
de rebato d' as iras poupulares;
chamáronlle ¡traidor! y-entr' asubíos
arrastrárono morto pol-as calles.

Qu' impracabre asesino d' os seu dioses,
por infame ou por nécio, o populacho,
d' os tronos ónde os érgue fai estillas
y-os cetros que lles dá ponos n-anacos.

SÉMPRE.

Falan abáixo de bestiás croeldades,
falan abáixo d' as traiciós d' enriba,
y-o pobo leva a maza de Xan Dente
por embrema brutal d' a sua xusticia.

Póndeo n-o sóleo ónde campóu o César,
dádelle un cetro, un manto rial e un mundo,
e xá veredes que de presa gana
o primeiro lugar entr' os verdugos.





RECORDOS D' UN FIADEIRO ⁽¹⁾

(A UN MEU AMIGO)

Vóuche falar d' un fiadeiro
a que fun en Barbadás
pretiño d' Outeiro Calvo
y-arrimado a San Cibráu.
Ou, que fiadeiro ¡resoño!
¡que modo de aturuxar!
¡que brincadeiras d' o demo!
¡que trúnfos de Satanás!
Foi n' unha nóite de chuva

(1) Non se m' aculton as incorrencias d' este romance, entr' elas,
as consoancias de moitos versos, pero cantas veces quiken correxilas
entropécei co-ese penedo d' as *cousas feitas* que e impusible esfarelar.

Por sere a primeira poesía qu' esquirbiñ en gallego, e por darlle
gusto ós meus amigos, publicoa tal e como me saiu d' o maxin.

d' o propeo mes de Natal,
aló pol-as tres e medea
ou as catro d' a mañá.
Era unha corte cortiña,
(c' o teu perdón) d' os marráus,
era unha córte d' os porcos
(tes que volver perdoar)
pol-o xéito que son todas,
á mau direita, o entrar
n-a casa d' o Calcaterra,
o que repica as campás.
Tíñache cada curtina
félita de telas d' arás
que daba xenio miralas
pol-as traves encolgar.
¡E qu' estrumeira ¡resóleo!
a qu' ch' alfombraba o cháu!
¡Nin todol-os toxos xuntos
d' o comun de Barbadás!
Unha vella moi velliña,
a tia Catuxa d' o Val,
fiábach' unha mazaroca
máis grossa qu' unha mazá,
sentada a carranchapernas
n' unha lata d' as d' o gas.
Era a vella un *manumento*
n-o tocante a antigüedadá,
tiña mais lixos c' un pote,
tantos fillos como Abrahaán,
e unha manada de netos
mór que pitas n-o curral.

Gastaba un xustillo roxo
d' o cutí más prencipal
feito de corenta anacos
—sinón tiña vinte más—
un refaixo chéo de grasa
d' andar c' os potes n-o lar,
e us zapatos... ¡que zapatos
nin que xúncras! os qu' a nai
lle fixera de pelica
—e pelica natural—
cando n-o ventre bulía
—us novent' anos atrás—
a Catuxa Catuxiña,
a tia Catuxa d' o Val.
Lagañas je ben seródeas!—
tiña a probe pinduráas
d' os ollos... ¡com' era vella
non e cousa d' estranar!
Volvendo ô conto d' a corte
(con perdón) góume sentar
n' un anaco d' a maseira
pra estar con cumodidá.
Os porcos xa se deitaran,
porqu' os rurales marráus
déitanse moito más cedo
qu' os marráus d' a *capital*...
Y-olla tí s' aqueles cochos
serían de calidá,
que che furgaban n-o estrume
c' os fuciños... ¡y-ainda más!
¡Tamén hay marráus n-as vilas!

que fan o qu' estes marráus!
Un candil de ferro enxebre
cheo d' aceite a rebordar,
pendurado d' unha trave
alumeaba n-o curral,
y-anque digo alumeaba
vóucheme volver atrás,
póis a corte estaba a escuras...
¡e ben viña a escuridá!
Outra dúcia de patróas
entretíñanse en fier,
en contar contos de méigas
e d' o diabro y-en rañar
as carrañeiras d' as pernas
co-as carrañeiras d' as maus,
C' un pito qu' era unha trave,
un estadullo... ¡ainda más!
gro-o com' a unha cañota
e largo com' un varal,
atravesado n-a boca
—sin dentes pra más sinal—
n-a tina d' a lavadura,
(que deberan de envolcar
cú pr' arriba) o señor Pedro
Tetollas Cartamoás,
—Calatrón de nomeada—
o millor fol d' o lugar,
tiña o cú n-o cú d' a tina
ben sentado, e mismo á rás
d' a rés colgáballe un fol
qu' era bó e de bon fungar.

Cando eu entrei non tocaba
—qu' acababa de tocar—
y-entón, como che dicia,
tiña n-o bico o *laíral*,
e daba cada chopada
y-era un modo de chupar
qu' inda botaba más fume
pol-a boca qu' un volcan.
Unhas vinte raparigas
—cad' unha c' o seu galan—
fiaban... Ei! ¡pra amocalas
c' o aquel modo de fier!...
Vin as rocas pero os fusos
non-os vin nin ben nin mal.
(¿Ond' os tirian metidos
as mozas de Barbadás,
que eu non puden dar c' o eles
nin ás veiras nin n-o cháu?
¡Ou si víras, meu amigo,
que maneira de brincar
a d' aquellas cundanadas
c' o aquel fato de langrás!
Logo virá a recolleita...
sementái ben, sementái,
qu' o qu' agora semente des
n-algún tempo *chorará*...
As vellas, (¡coitadas vellas!)
c' os fusos drénto d' as maus
y-as mazarocas mirradas
de tanto esperriguizar,
pechábanselle os olliños

e dabán cróques n-o cháu.
 As mozas tíñalle lástema
 e deixábanas estar
 n-o outro mundo... Eran ben bóas
 ¡caráfeo! ¡tiñan piedá!
 Mais *jojo!* que xa infra o fol
 o demo d' o señor Xan,
 y-o rapaz, que ten bóa fame,
 sea dito sin marmurar,
 pois esquecéiselle a cea
 ou non ll' a daría sua nai,
 tempra os ferros ¡d' unha gana!
 y-abre unha boca... ¡áááá!
 —Veña unha *gota*, gaiteiro!
 —La *molinera*, tio *Guan*,
 berra un rapaz de perilla
 que n-o vráu fora segar
 o trigo ás longas rastreves
 de Castilla e Portugal.
 Y-o gaiteiro toma alentos,
 cúspe (con perdón) n-as máus,
 e... já la *salú* de vostés!
 (seica tamen foi segar)
 empeza dálle que dálle
 n-o fol a repinicar.
 Erguense mozos e mozas
 y-os machos, com' en sinal,
 dan voltas diante d' as femias
 con que queren muiñeirar.
 ¡Alí non hay *vis-á-vis*
 nin xiquera bis e bás!


As mozas baixan os ollos
—cal si tiveran medrá—
y-andan ó redor d' homes
gardando moi bó compás.
Os mozos fan ¡cada corte!...
que non son pra che contar...
¡Que modo de darlle as pernas
cara adiante e cara atrás!
Paréscen rodas de muiños...
¡Lev' o demo tal chouzar!
Baila qu' che baila, baila,
baila que che bailarás,
o gaiteiro cuás' afoga
e xa non pode soprar,
y-o fol en vez de óóóó,
xa non fai más que áááá...
Os mozos sudan que rábean
e parés que van toupar,
y-as nenas pónense roxas
e amarelás... e ¡inda más!
¿E si reventan?... reventan.
¡Bó coidado che me dá!
Por fin un demo d' un trásgo
colle un estadullo... ¡é trás!
lárgalle un xuco o candil
qu' o espatela contra o cháu,
e todo queda as escuras...
(¡qu' oportuna escuridá!)
y entr' os Adás y entr' as Evas
y entr' as Evas y os Adás,
fan entón un aromedo

d' o Pareiso terrenal,
 ónde con mondás e todo...
 ¡coméronse más mazás!...
 —¿Sin divullálas coméronas?
 ¡Tiñan boa fame os marráus!
 —Que me lixo cundanado!
 —Ou, ¡que demo de langrán!
 —¡Deixa qu' asina me erga
 levas unha qu' as rabear!
 —¡Que me trillas! Vóuche as cóxegas...
 —Ay! ay! ay! ay! ay! ay!

Tívoche gracia o gaiteiro!
 Colle de fol, cúspe as maus
 y-empeza c' unha alborada
 qu' aquelo era che *la mar!*
¡Er g'reivos, levantaivos,
lampantis de Barbadís...
 e n' ese tono seguío
 cara adiante o señor Xan.
 E non sei o cundanado
 que pôido detreminar,
 pois unha broeira d' aquelas
 díxolle rindo a toupar:
 —Estese quieto ¡xudio!
 ¡que demo de señor Xan!
 si me tomóu por un fol
 pra vósté non ei fungar...

¡Adios nenas e velliñas!
¡Adios vellos e galás!
¡Adios fiadeiro, fiadeiro,
troulada de Barbadás!
Que teñades saludiña
e... facede por suar.







RELAXO

S' houbese un home de concencia pura
qu' o pobo lle dixese moi baixiño
a verdade d' os tráfecos suciales,
n-o seu própeo falar, n-o seu estilo;
s' houbese algun apóstole inspirado
entre tantos apóstoles d' oficeo,
que baixase o montón ónde rastrexan
os escravos, os sérvos y-os proscíutros,
y-amostrándolle as táboas d' o direito
impuxéeos n-as voltas d' o camiño
que d' unha n-outra encrucillada escura
vai dar d' a relención o paradiso;
si o tráfeco que fan con bulra infame
c' o seu sér, co-a sua sangue e seu esprito,
alguén de manifesto llo puxese

con nobre afán e con esforzo dino,
 leve o demo si toda esta argallada
 de prugramas, de xefes e partidos,
 si todas estas bulras de gobernos,
 si todas estas farsas de prencipios,
 si todos estes banderís d' enganche
 de logreiros, canallas e bandidos,
 si tod' este bordel acugulado
 de bazófea, de lama e de cenismo,
 non viña abáixo com' os arbres veñen
 a machadazos rent' o cháu fendidos...

'O ver como rastrexa encadeado
 o pobo ós pés d' un trunfador inico,
 penso ás veces con rábea y-amargura
 qu' os escravos d' o mundo y-os proscruitos
 qu' ó xugo sin portesta s' acumodan,
 é que násцен pra escravos deprendidos
 e que teñen as maus, cicáis por fada,
 fítas adrede pra levaren grilos...

Xá non s' ataxa o mal con cataprasmas
 nin n-o cóiro fan mella os senapismos,
 e s' han chegar ó fondo os esprandores
 qu' adiviñan ó lonxe os adiviños,
 ¡escravos d' o montón! cravuña ás fouces
 e basoiras de ferro pra estes lixos...
 Deixái de ser ovellas pra ser lobos,
 si e que téndes honor, mostrade os bríos;
 cando cámpan os déspotas en Roma
 o lugar d' os escravos é o Aventino.



¡ROSLÁIA CASTRO!

¿Quén foi? Unha probe
muller qu' en cantigas
lembrou as grandezas
d' a terra nativa.
¿Que fixo? Cantando
curar as feridas
d' as almas que lóitan
n-as lóitas d' a vida.
¿Que premio lle deron?
Vivir esquecía
n-o médeo d' as cámpas
n-a branca casiña
de todal-as penas
tan ben coneccida.

¿Sofríu? Como sofrén
as almas altivas.

¿Choróu? Como chorán
ardentes, roxizas,
bagullas de lume
as náis de Galicia.

¿Morréu? Como morren
pol-a fe alcendidas,
as almas que buscan
a paz infinita.

¡Hirmáus qu' adorades
o cháu d' a terriña,
de fúnebres panos
cobride hoxe as liras!

Morréu *ela*, a nobre
cantora qu' altiva
co-a branca bandeira
d' a nosa Galicia
risoña e trunfante
n-a vanguardea iba...

¡Adiante! ¿Que importa
que cáyan n-as filas
loitando os que teñen
as almas más limpas?

'Os mortos pregarias
e terra por riba
regada c' o pranto
d' almas feridas.


¡Adiante! A bandeira
cravemos n-a cima

si é certo que somos
a gréy escollida...

Honrémol-o nome
d' a gran Rosalía,
o exemplo seguindo
d' a nobre puetisa
que todal-as notas
d' a céltica lira
ll' as deu ás montañas
y-ôs váls d' a terriña,
y-ôs mares que cinguen
con loucas cariceas
a terra sagrada
d' o cháu de Galicia.

¡Adiante! A bandeira
cravemos n-a cima
si é certo que somos
a gréy escollida.
¡Atrás os que tréman
c' o medo d' a liza!
¡Atrás! ¡Pr' os cobardes
n-hay canto n-as filas!







FREBE

Non sintas estranía
nin te seduza o estrépeto
d' o mundo qu' alá lónxe
en cárcer d' ouro e ferro,
ó vicio agriloado,
escuáledo y- enfermo,
roido pol-o cáncer
d' os próximos sofrimentos,
arrastra as suas podreces
de cara ós cementeiroes...
Non sintas a nostalxia
d' os goces pasaxeiroes
que déixan n-os espiritos
o poso d' o veneno...

Por báixo d' eses brilos
hay algo de sinestro:
s' enriba resprandores,
n-o fondo está o bulleiro;
qu' o mismo qu' eses *mayoe*
que fan por eiquí os nenos,
pra engano d' as olladas
encobren, mentireiros,
co-as froles qu' hay por fora
as pallas qu' hay por dentro,
támén ten ese mundo
raidor deslumbramento
que cega a quen o mira
con lume de refrexos...

Eiquí tes aires puros,
auroras d' estos ceos
alegres e risoños,
azules e bermellos...
Alá todo é podrido,
eiquí todo ch' é fresco,
saudabre, agarimoso,
vivífeco y-enérxeco...

Alá non hay feitizos
pr' os ollos, nin afetu'os
pr' almas que s' asfisean
co-a peste qu' hay n-o vento,
y-eiquí d' a natureza
amóstran seche os seos
xentís, ousixenados,

maníficos, ubérremos...
D' as uces d' estes montes
espállanse estes chéiros
que son olas de vida
pr' os tristes y-os enfermos,
y-os toxos montesíos
y-os pinos d' os outeiros,
pr' a anémea d' os espíritos
ofercen o remedeo...

Alá todo está podre:
os corpos y-os cerebros.

Rastrexa pol-os lares
a cobra d' o adultereo,
e campa a desvergonza
n-as prazas e n-os templos
hipócreta encobrindo
c' os panos d' o beatereo,
d' os lúbrecos insoneos
o frébil pestañexo
d' us ollos n-os que arden
impúdecos deseños...
Decote d' as calunias
o ruin deslengoamento
co-a lama d' os camiños
emporca o lar alléo,
e inobre canallada
de chulos e bebédos
oubéa n-os bordeles
cantandose framenco.

A plebe embrotecida
 sin leises e sin freno,
 de nóite, a navallazos,
 litixia os seus direitos,
 y-afáise n-a catréda
 d' o crimen ô manexo
 d' a esgrima miserabre
 d' a cháira d' o chispeiro...

A escola está valcira
 y-os lopanares cheos...

Dinantes os amores
 parés que tiñan tempros
 qu' as almas añudaban
 con santos xuramentos,
 y-agora, n-esta lonxa,
 xa leva o casamento
 razon suctial, o mismo
 qu' as casas de cumerceo...
 Un trono pr' o guarismo
 n-o canto d' os afeutos,
 y-en vez d' amor as leises
 d' o cálculo aretméteco...

Pr' as honras aldraxadas,
 à mau hay un tarréo
 qu' iguala d' unha sorte
 truhás e caballeros,
 e poñense os decoros
 n-as puntas d' os aceiros,

e sale más honrado
aquei que ten más nervo,
—que van ô par as honras
d' o pulso e d' os alentos—
e logo a impunedade
pr' os héroes d' os torneyos
d' a dinidad imbécil
que campa n-estes tempos...
Eiquí si s' apuñalan
dous homes n-un outeiro,
xa a carcel-abre as portas
y-o xuez non ten sosego,
y-a audencia se porpara,
y-ô banco van os reos,
e logo, n-unha rua,
de presa e mal xuxeto,
levántase o suprio
—vergonza d' estes tempos—
e pagan co-as suas vidas
os crímenes morrendo,
y-en cámbeo a bandidaxe
que ten seus *regramentos*,
vai xunta e vai d' o brazo
c' os xueces a paseo...

Pra discupál-os viceos
os sábeos dánse a inventos
y-esprican que nos rixen
determinismos cegos
que causan d' a materea
os torpes movimentos,

y-hay viles esquirtores
qu' halagan ós protertos
contándolles os contos
d' os átomos parexos,
roubando asina o siteo
os químicos ós étecos.

A béstia humana en trunfo,
a Thémis c' o escalpelo
n-os cráneos fuchicando
fribil e sin soego,
por s' hacha d' o delito
o xérmen entr' os sesos...

E d' outro lado a tropa
d' inobres matu eiros
d' as letras, sin decoro,
sin alma e sin talento,
botando as impudeceas
à praza, a real e médeo,
ou xa n-os escenareos
qu' ennobreceu o xénio
d' os Calderós e Lopes,
d' os Téllez e Moretos,
a dinidá emporcando
con ditos coartelescos.
Lascivia literarea
qu' aldraxa os sentimentos
n-o canto d' os pudores
lubricidá poñendo;
qu' ond' antes linfa pura

agora está o bulleiro,
ond' antes esprandores
n-os libros e n-os lenzos,
piltrafas de cadavres
qu' encolgan d' o escalpelo
d' o artista qu' anda à esculca
d' o númen entr' o esterco...
Xá as artes sóilo empregan
n-as críneas o alento,
e van n-os hospitales
d' eiquí pr' alí nos léitos,
lixando as aás de ouro
n-os gómitos d' o enfermo,
as musas que dinantes
voaban cara ôs ceos;
que son, pol-os adiantos
maníficos d' os tempos,
as llagas d' os leprosos
os númenes mudernos...

Non sintas a nostalxia
d' os goces pasaxeiros
que deixan n-os espirtos
o poso d' o veneno...
Por baixo d' eses brilos
hay algo de sinestro:
s' enriba resprandores
n-o fondo está o bulleiro...

D' o adianto d' o meu sigro
grorioso non renego.

D' as frábicas o fume
y-os cantos d' os obreiros,
y-o ruido d' os talleres,
y-os hinos d' o progreso,
y-a mûseca d' as rodas
d' as mánicas de ferro,
val más qu' a repunante
loitada d' o torneyo
y-as grasas d' os panzudos
priores d' os mosteiros,
d' aló d' outras edades
noxoso vilipendeo;
pero ódeo este abafante
montés relaxamento
sucial que rube e rube
lixando lar e templo,
que mûrcha n-os espiritos
a fror d' os sentimentos
y-envólvenos en redes
de músculos e nervos,
que volca d' os altares
ô Cristo e pon ô demo,
e fai letras de cámbeo
co-as follas d' o Evanxeleo...

FIN

ÍNDECE


Páxinas.

DUAS PALABRAS.

INTRODUCIÓN.

Non se defende a pátreia.....	1
¡Pr' onde vai a rapaza garrida?.....	5
Bruxerías	7
Alí.....	9
N-a lóita.....	15
Busco d' us ollos os esprandores.....	17
Botón de ouro.....	19
Mala sombra.....	25
Luz e sombra.....	27
Homenaxe.....	33
The grand monde.—O mundo pequeno.....	39
O crégo d' un lugar n-unha homilia.....	47
¡Atrás!.....	49
Porque son, nena, os teus ollos.....	61
Inri	65
Cousas.....	69
'Os rapaces d' a seución coral.....	71
Realismo	75
'A torre de Porqueira.....	77
O noso encontro.....	79
Porque fala d' Spencer e de Proudhon.....	83
¡O lobo!... ¡O lobo!.....	85
Vivir escuro n' un rincón d' a terra.....	87

	Páxinas
A gaita d' a morte.....	89
Eses olliños d' azul d' os ceos.....	95
¡Ay!.....	97
Foi eiquí... ¡ben m' acordo!.....	103
Diant' a estátua de D. C. Mendez Nuñez.	105
Us béizos que se bican son a frebe.....	111
Paisaxe	113
¡Asús!	121
Péste	123
Dádeme reiseñores que me canten	127
Lóito	129
O que dura n-as froles o orballo.....	135
Á Feixoo.....	137
Sempr' eiquí n-esta campa cheirosa.....	139
Tempestade.....	141
Un berciño c' os ánxeles gardan.....	147
¡Ausilio!.....	149
Onte, Hóxe, Sémpre.....	153
Recordos d' un fiadeiro.....	155
Relaxo.....	165
Rosalía Castro.....	167
Frebe	171



PRECIO: 4 PESETAS

Hállase de venta esta obra en las principales
librerías.

Los pedidos deberán dirigirse al autor, Ba-
rrera, 12 Orense, acompañando el importe en
libranza del Giro mútuo ó letra de fácil cobro.

Libros del autor

LUCHAR POR LA PÁTRIA, cuadro dramático en
un acto y en verso (agotado).

GRITOS DEL ALMA, poesías castellanas (ago-
tado).

En preparación

ESCUMAS, poesías y artículos gallegos.

REAL

A

2

B

ACADEMIA
PERFIRE

VOLUNTAS.

ACADEMIA
PERFIRE

VOLUNTAS.

ACADEMIA
PERFIRE

VOLUNTAS.

ACADEMIA
PERFIRE